



CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONCELLO DE
CAMBADOS**

EXERCICIOS 2001-2002

ÍNDICE

Páxina

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. Obxectivos e alcance.....	1
1.2. Limitacións.....	1
1.3. Normativa reguladora	2
1.4. Orzamento, liquidación e Conta Xeral, 2002	4
1.5. Trámite de alegacións	4
2. ASPECTOS XERAIS	5
2.1. Información orzamentaria e indicadores.....	5
2.2. Control interno	7
2.3. Aspectos contables	8
3. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONES RECIBIDAS	10
3.1. Transferencias e subvencions monetarias correntes	10
3.2. Transferencias e subvencions monetarias de capital	19
3.3. Subvencions en especie.....	22
4. SUBVENCIONES OUTORGADAS	28
4.1. Bases reguladoras da execución do Orzamento e bases específicas reguladoras das subvencions	28
4.2. Análise de expedientes.....	30
5. CONCLUSIONES	39
5.1. Xerais	39
5.2. Subvencions correntes recibidas	39
5.3. Subvencions de capital recibidas	40
5.4. Subvencions en especie e convenios.....	41
5.5. Subvencions outorgadas	42
6. RECOMENDACIONES	45
ANEXOS	47
ANEXO I.....	49
ANEXO II: Transferencias y subvenciones.....	50
ANEXO III: Subvencions de capital	51
ANEXO IV: Subvencions concedidas.....	52

1. INTRODUCCIÓN

1.1. OBXECTIVOS E ALCANCE

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución, en sesión realizada o 19 de decembro de 2003, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2004, a fiscalización das transferencias e subvencións recibidas e concedidas nos exercicios 2001 e 2002 polo Concello de Cambados.

Os obxectivos de fiscalización consistiron en:

Verificar o adecuado rexistro das transferencias e subvencións recibidas e concedidas na contabilidade financeira e orzamentaria do Ente fiscalizado.

Analizar a existencia de subvencións en especie.

Comprobar a correcta solicitude e xustificación das subvencións ante o órgano de financiamento.

Verificar a aplicación de fondos (axudas monetarias) á súa finalidade.

O período temporal estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.

1.2. LIMITACIÓNS

As probas realizadas víronse condicionadas polas seguintes limitacións:

- A organización dos expedientes analizados, agás dos que documentaban a realización de obras financiadas con subvencións de capital percibidas polo Concello, incumpre o disposto nos artigos 164 e 179 ROF, feito que condicionou a fiscalización, ó atoparse desordenados e incompletos, carecendo en ocasións de documentación esencial para a verificación da súa correcta xustificación.
- Non constan nos expedientes correspondentes ás subvencións correntes percibidas, os criterios que fundamentan a imputación proporcional á actividade subvencionada do importe de certas facturacións, como se pon de manifesto no expediente do CIM e no da Gardería municipal, condicionando a comprobación do axuste á legalidade da documentación xustificativa achegada.

– Pese ó requirimento efectuado (escrito do 31 de xaneiro de 2005) trala finalización das actuacións de campo, non se achegou a totalidade da documentación solicitada por esta entidade fiscalizadora:

- Non se facilitou a certificación dos acordos do Pleno, Comisión de Goberno e Resolucións da Alcaldía polos que se autoriza, no seu caso, nos exercicios 2001 e 2002 a realización de obras ou prestación de servizos locais polas outras administracións.
- Non se aportou certificación dos elementos do inmovilizado entregados, no seu caso, á entidade local polas outras administracións naqueles exercicios.
- A ausencia das anteriores certificacións, que xa tiñan sido solicitadas no escrito de inicio das actuacións de comprobación, reiterándose a súa petición durante a mesma, supón unha limitación ó alcance da fiscalización das subvencións en especie percibidas, no seu caso, pola entidade.
- Non se achegaron os xustificantes solicitados en relación coas contas bancarias das que era titular o OO.AA. municipal *Banda de Música de Castrelo*, o que non permite garantir a inexistencia de menoscabo nos caudais de titularidade pública.
- Non se achegou a documentación relativa ós diversos procedementos de contratación (profesionais do CIM, traballadores sociais e auxiliar de apoio de servizos sociais especializados, Comunidade de bens que prestaba o servizo de axuda a domicilio), alegando que a imposibilidade de acceso á mesma nos arquivos municipais podería *estar ocasionada pola subtracción de documentación* naqueles. Estes feitos impediron verificar o axuste, no seu caso, á legalidade vixente.

1.3. NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora das materias obxecto de fiscalización, inclúese, fundamentalmente, nas seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 (LRXAP e PAC).
- Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia de Galicia.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria (TRLXO).
- Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedición e entrega por empresarios e profesionais.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 1328/1997, do 1 de agosto, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das Entidades Locais.
- Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RXLC).
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, do 17 de xullo de 1992.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Orde do Ministerio de Administracións Públicas, do 7 de maio de 1998, reguladora da cooperación económica do Estado ós investimentos das Entidades Locais.
- Ordes de convocatoria das subvencións recibidas.

– Instrución de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 17 de xullo de 1990.

1.4. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL, 2002

O orzamento inicial do Concello para o exercicio 2002 ascendeu a 11.109.937,00 euros.

O remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 1.290.576,75 euros e o resultado orzamentario axustado a 311.582,06 euros.

O orzamento de 2002 foi aprobado definitivamente o día 8 de maio de 2002 e inseriuse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 16 de maio de 2002, incumprindo o prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL.

A liquidación do orzamento aprobouse o día 8 de xaneiro de 2003 dentro do prazo establecido no artigo 172.3 da LRFL.

A conta xeral de 2002, aprobouse o 30 de outubro de 2003 e ten entrada no Consello de Contas de Galicia o día 19 de novembro de 2003 incumprindo así os prazos regulados nos artigos 193 e 204 da LRFL.

1.5. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas ó Alcalde no escrito núm. 154 do 7 de abril de 2005, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para que presentara as alegacións, documentación e xustificantes que estimara oportunos. Transcorrido o dito prazo non se formularon alegacións ó Anteproxecto. O día 21 de abril de 2005, fóra de prazo, o Concello presenta alegacións que non se consideran.

2. ASPECTOS XERAIS

2.1. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E INDICADORES

CADRO 1. Información orzamentaria agregada de dereitos e obrigas recoñecidas, exercicios 2001 e 2002.

INGRESOS MUNICIPAIS 2001-2002 Dereitos recoñecidos netos				GASTOS MUNICIPAIS 2001-2002 Obrigas recoñecidas netas			
CONCEPTO	2001	2002	Diferenza	CONCEPTO	2001	2002	Diferenza
Tributos propios	2.075.600,33	2.589.148,11	513.547,78	Consumo público	5.292.110,21	5.065.269,24	-226.840,97
Transferencias	4.683.001,98	3.876.471,76	-806.530,22	Transferencias	111.897,88	252.075,62	140.177,74
Endebadamento	0	1.202.024,00	1.202.024,00	Carga financeira	349.747,92	327.383,03	-22.364,89
Outros dereitos	2.519.966,68	617.550,00	-1.902.416,68	Investimentos reais	3.056.247,87	2.023.924,43	-1.032.323,44
				Outras obrigas	4.507,59	5.656,80	1.149,21
TOTAL	9.278.568,98	8.285.193,87	-993.375,11	TOTAL	8.814.511,48	7.674.309,12	-1.140.202,36

No cadro 1, faise mostraxe da distribución dos dereitos recoñecidos netos dos anos 2001 e 2002 agrupados en tributos propios (que inclúen os capítulos I, II e III), transferencias (capítulos IV e VII), endebadamento (capítulo IX) e outros dereitos (capítulos V, VI e VIII). Tamén se ofrece información das obrigas recoñecidas rexistradas na liquidación do orzamento destes exercicios clasificándoas en consumo público (capítulos I e II), transferencias (IV e VII), carga financeira (capítulos III e IX), investimentos reais (capítulo VI) e outras obrigas (capítulo VIII).


No concepto de transferencias integráronse as correntes e de capital. O volume de transferencias recibidas no exercicio 2001 (4.683.001,98 euros), representou o 50% do total dos dereitos recoñecidos na liquidación do orzamento. No ano 2002, os dereitos recoñecidos por transferencias foron 3.876.471,76 euros (806.530,22 euros menos con respecto ás recibidas no exercicio anterior). A porcentaxe das Transferencias recibidas neste exercicio sobre o total de dereitos foi do 46%.

As transferencias concedidas polo Concello no ano 2001 (111.897,88 euros), representaron o 1% das obrigas totais recoñecidas na liquidación. No ano 2002 (252.075,62 euros), significaron o 3% das obrigas contabilizadas.

CADRO 2. Dereitos e obrigas dos exercicios 2001 e 2002 expresados en euros por habitante.

INGRESOS MUNICIPAIS 2001-2002 (en euros/habitante)					GASTOS MUNICIPAIS 2001-2002 (en euros/habitante)				
CONCEPTO	2001	Índice	2002	Índice	CONCEPTO	2001	Índice	2002	Índice
Tributos propios	155,73	22	192,67	31	Consumo Público	397,07	60	376,94	66
Transferencias	351,37	50	288,47	47	Transferencias	8,40	1	18,76	3
Endebadamento	0	0	89,45	15	Carga financeira	26,24	4	24,36	4
Outros ingresos	189,07	27	45,96	7	Investimentos reais	229,31	35	150,61	26
					Outras obrigas	0,34	0	0,42	0
TOTAL	696,17	100	616,55	100	TOTAL	661,35	100	571,09	100

GRÁFICO 1



O volume de transferencias recibidas no ano 2001 é superior en 28 puntos porcentuais á presión fiscal, é dicir, ós tributos propios por habitante. No ano 2002 mantense esta tendencia, de xeito que as transferencias recibidas por habitante (288,47 euros) son superiores (diferencial de 95,80 euros/habitante) ós tributos propios (192,67 euros). En ámbolos dous exercicios existe unha forte dependencia do Concello respecto das transferencias recibidas doutras administracións.

O peso relativo das transferencias outorgadas polo Concello nestes dous exercicios, pese a presentar unha tendencia crecente, non é significativo respecto do conxunto de gastos (representan o 1% no ano 2001 e o 3% en 2002). No ano 2002 experimentaron un incremento que significou 10,36 euros/habitante.

2.2. CONTROL INTERNO

a) Organización administrativa

Dende o exercicio 1996 e por causa do cese do secretario-interventor titular, o posto de traballo de Secretaría (así como o de Intervención, ó longo dos exercicios fiscalizados) desempeñábase formalmente por un auxiliar administrativo municipal designado en comisión de servizos accidental mediante o Decreto da Alcaldía do 22 de outubro de 1996, situación que persistía ó tempo de finalizar as actuacións de fiscalización (decembro, 2004). Porén o citado cese, este último traballador subscribe o 22 de outubro de 1996 un contrato laboral por obra ou servizo determinado para a realización *de tódalas tarefas de tipo administrativo segundo lle sexan indicadas pola Alcaldía ou pola propia decisión do interesado, en función das necesidades que se observen seguindo o mesmo ritmo que durante a época que desempeñou a función de secretario encargado da Intervención municipal*, para o que se lle establece idéntica retribución. A sesión da Comisión de Goberno do 23 de setembro de 2002, en execución do auto do 4 de xullo da Sá do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, adopta o acordo de rescisión do anterior contrato.

O 1 de outubro de 2002 realizase un contrato menor de *asesoramento xurídico*, procedendo á contratación administrativa dun letrado polo período de 4 meses e sen que se especifique o alcance das súas funcións, polo que esta relación administrativa podería encubrir unha auténtica relación de natureza laboral. Este traballador continúa prestando os seus servizos durante a totalidade do 2003 sen que conste a realización dun novo procedemento, de carácter administrativo ou de selección de persoal, que garante o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. O 1 de xaneiro de 2004, previa tramitación dun procedemento de concurso cuxas bases non atopan axuste ós principios de observancia obrigada no acceso ó emprego público, subscribe un contrato laboral temporal para a cobertura das funcións de asesor xurídico, desempeñando materialmente as funcións de Secretaría.

A Tesourería municipal ven sendo desempeñada dende o exercicio 1990 por unha funcionaria pertencente á Escala de Administración Xeral. A cobertura deste posto por funcionario municipal resulta viable ó abeiro do artigo 2,f) do RD 1732/1990.

b) Segregación de funcións

Non existe unha adecuada segregación de funcións entre quen tramita as subvencións e os funcionarios que as rexistran contablemente. Así mesmo, o rexistro contable das subvencións percibidas e concedidas, como se porá de manifesto, presentou debilidades. Non se apreciou un control eficaz sobre as subvencións recibidas e as que son outorgadas polo Concello, así como das xustificacións rendidas de ámbalas dúas, que en ningún caso se acompañaron de informe da

Intervención. Pese á concorrencia dalgún dos supostos do artigo 197.2 LRFL, certificouse a ausencia de escritos de reparo nos exercicios 2001 e 2002.

c) Bases de execución

O Concello contemplou nas bases de execución IX (Gastos) e IV (Ingresos) do Orzamento de 2001 e 2002 a totalidade da regulación relativa ás subvencións outorgadas e recibidas.

As citadas bases constitúen unha regulación insuficiente do réxime xurídico das subvencións concedidas, como se recolle no epígrafe 4.1 do presente Informe.

2.3. ASPECTOS CONTABLES

Participación nos Ingresos do Estado (PIE)

Esta participación contabilízase na partida 420.00. Durante o exercicio 2002 recoñécense dereitos por un importe de 1.612.823,26 euros, que inclúen as entregas á conta da liquidación do exercicio 2002 e a liquidación definitiva da PIE do exercicio 2001, que se producen no exercicio 2002. A liquidación da PIE do exercicio 2002 prodúcese no exercicio 2003, período no que se contabiliza. Polo tanto deuse cumprimento ó disposto no artigo 144,a) da LRFL.

Fondo de Cooperación Local (FCL)

O importe dos dereitos recoñecidos polo FCL durante o exercicio 2002 ascendeu a 146.720,43 euros que se imputan ó capítulo VII de ingresos.

A mencionada liquidación prodúcese e contabilízase no exercicio 2002, polo que a contabilización é correcta en relación co disposto no artigo 144,a) da LRFL. Porén, dende o exercicio 2002 o Fondo é unha transferencia incondicionada, podendo financiar calquera actividade, polo que se debería contabilizar no capítulo IV de ingresos.

De acordo coa comunicación efectuada o 11 de febreiro de 2004 pola Xunta de Galicia, a liquidación definitiva correspondente ós exercicios 2000 e 2001, ascendía ás seguintes contías:

Exercicio	Participación definitiva (euros)	Entrega á conta realizada (euros)	Saldo a favor/encontra (euros)
2002	181.064,46	146.720,43	34.344,03
2001	74.000,49	74.972,72	-972,23
Saldo neto a favor do Concello			33.371,80

O recoñecemento dos dereitos de saldo favorable ó Concello foi recoñecido nas contas do exercicio 2004, incumprindo así o principio contable da non compensación de ingresos e gastos.

Contabilización dos dereitos recoñecidos correspondentes ás subvencións recibidas

Descrición Subvención	Importe dereitos recoñecidos	Exercicio de contabilización de dereitos	Exercicio no que se produce o ingreso
Dotación de beirarrúas no rural (PAM 2001)	96.762,95 euros	2001	2003
Axudas para mellora de instalacións eléctricas	10.344,83 euros	2002	2003
Rede de sumidoiros en Sete Pías (POL 2002)	92.026,51 euros	2002	2002/2003
Subvención Gardería Municipal	9.102.033 ptas.	2001	2002

Con carácter xeral, a contabilización prodúcese con anterioridade ó envío da documentación xustificativa da subvención e ó ingreso da mesma. Incúmprese así, o establecido no Documento núm. 4 dos principios contables públicos e na regra 156 ICAL podendo este feito afectar ó cálculo do Remanente de Tesourería e do Resultado Orzamentario.

Seguimento dos gastos con financiamento afectado

O dito seguimento comeza a realizarse no ano 2002. Trala súa análise podemos concluír que o estado de gastos con financiamento afectado non recolle a totalidade de execución do gasto, senón unicamente os datos necesarios para o cálculo das desviacións de financiamento. Así, non se inclúen os créditos que se prevé asignar á realización do gasto nin os ingresos que se prevé afectar ó seu financiamento (regra 381 ICAL) reflectíndose unicamente as obrigas e dereitos efectivamente recoñecidos.

3. TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS RECIBIDAS

De acordo co documento número 4 dos principios contables públicos da IGAE, os conceptos de transferencia e subvención supoñen un desprazamento patrimonial que ten por obxecto unha entrega diñeirada ou en especie entre os distintos axentes das Administracións Públicas, entidades públicas ou privadas e particulares, todas elas sen contrapartida directa por parte dos entes beneficiarios. O elemento diferenciador de ámbolos dous conceptos é a afectación a uns fins, proxectos ou actividades concretas do mencionado desprazamento patrimonial no caso das subvencións, mentres que nas transferencias os ditos fondos pódense destinar ó financiamento de actividades ou operacións non singularizadas.

As transferencias e subvencións poden financiar operacións correntes (concretas e específicas no caso de subvencións e calesqueira no caso de transferencias) ou de capital se financian operacións deste tipo.

No presente apartado analízanse as subvencións contabilizadas, polo Concello no exercicio 2002, sen prexuízo de que se describa o conxunto das transferencias e subvencións recibidas nos exercicios 2001 e 2002.

3.1. TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS MONETARIAS CORRENTES

Estes desprazamentos patrimoniais rexístranse no capítulo IV do orzamento de ingresos. No anexo II reflíctense os dereitos recoñecidos durante os exercicios 2001 e 2002 por transferencias e subvencións recibidas para financiamento de operacións correntes.

Desa relación seleccionouse a seguinte mostraxe, con obxecto de analizar o cumprimento dos requisitos esixidos polas diversas convocatorias, así como a correcta contabilización dos dereitos recoñecidos:

	Órgano concedente	Descrición	Importe recoñecido no exercicio 2001 (ptas.)	Importe recoñecido no exercicio 2002 (euros)
1)	Consellería de Familia	Mantemento Centro atención primeira infancia	9.102.033	
2)	Ministerio de Trabajo (MTAS)	Programa experimental de emprego e formación	182.507.912	
3)	Consellería de Asuntos Sociais	Plan concertado e Servizos especializados		40.431,23
4)	Consellería de Familia	Actividades destinadas á promoción da muller		28.257,00
5)	Consellería de Familia	Realización de accións de información, orientación e busca de emprego		17.602,84

ANÁLISE DE EXPEDIENTES

1) Mantemento “Gardería municipal”

Órgano concedente: Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Orde da convocatoria: 25 xaneiro 2001, DOG do 5 de febreiro de 2001.

Importe concedido: 9.102.033 pesetas.

O obxecto desta subvención é o mantemento de centros dedicados á atención da primeira infancia (garderías) dependentes das Corporacións Locais que cumpran os requisitos do Decreto 243/1995, do 28 de xullo e a súa lexislación de desenvolvemento. Son gastos subvencionables os de persoal, alimentación e outros gastos xerais de mantemento do centro, debendo achegar as Corporacións Locais ó menos un 20% do orzamento total deste tipo de gastos.

a) Concesión

Ó abeiro do artigo 13.1 da Orde reguladora o prazo máximo de resolución da axuda finalizaba o 6 de maio de 2001, de xeito que transcorrida a dita data sen que tivese recaído resolución expresa as solicitudes teríanse por desestimadas. A subvención concedeuse o 5 de xullo de 2001 fóra do prazo establecido na convocatoria.

b) Contratación administrativa

O servizo da gardería infantil municipal adxudicouse a unha empresaria (persoa física) mediante un contrato de servizos subscrito o 4 de agosto de 1997, por un período de catro anos prorrogables tacitamente ata un máximo de 6 anos ó abeiro do artigo 199 da Lei 13/1995 CAP. O prezo de adxudicación fíxase na cantidade de 7.200.000 pesetas anuais, aboables por doceavas partes, establecendo o dereito do contratista á percepción íntegra das cantidades que se aboan polos pais ou titores dos nenos.

A execución deste contrato, que tivo vixencia nos exercicios 2001 e 2002, presentou as seguintes incidencias:

- A contratación efectuada encádrase incorrectamente na figura do contrato administrativo de servizos, dado que a natureza do mesmo, que non é outra que a concesión dun servizo público, esixiría a licitación e posterior subscripción dun contrato de xestión de servizos públicos ó que se refería o artigo 155 e ss da citada Lei.
- Non se constitúe pola contratista a garantía definitiva á que obriga o artigo 37.1 LCAP, e que ascendería a 1.152.000 pesetas. Unicamente figura un aval bancario de 288.000 pesetas, o que representa unha cuarta parte da anterior contía.

– A contratista percibe directamente dos usuarios o importe da taxa municipal pola estancia na gardería, comunicando mensualmente ó Concello o importe total recadado. A entidade local procede mensualmente a contabilizar as cantidades declaradas como ingreso en formalización (sen movemento de fondos) no capítulo III de ingresos do Orzamento municipal, rexistrando simultaneamente un gasto en formalización no capítulo II do Orzamento de Gastos. O Concello está trasladando de forma ilegal a xestión e recadación dun ingreso de natureza tributaria a un particular, contabilizando no seu Orzamento o resultado comunicado polo terceiro e sen que exista control ou fiscalización por parte dos servizos municipais de Intervención, os cales unicamente proceden ó recoñecemento do mesmo nas contas do Orzamento. De acordo coas certificacións subscritas polos responsables municipais, esta taxa ascendeu a 5.579.350 pesetas no exercicio 2002, importe coincidente co contabilizado no correspondente concepto de taxa (31002). Estes feitos, que se veñen producindo dende o exercicio 1997, poderían incorrer nos supostos regulados nos artigos 140 ó 146 do TRLXO, o que puidera determinar, no seu caso, a existencia das responsabilidades que correspondesen.

– O contrato non establece o réxime de asunción de gastos polo Concello e a contratista na xestión do servizo de gardería. Con carácter posterior á licitación, procedese de xeito incorrecto á súa fixación pormenorizada por medio de proposta da Alcaldía, o que é obxecto de ratificación por acordo da Comisión de Goberno do 16 de marzo de 1998. De acordo con este, corresponde ó Concello a posta á disposición do edificio de gardería, os gastos de mantemento do mesmo e a limpeza das aulas.

c) Xustificación

Remítese o 18 de decembro de 2001 á Xunta de Galicia, certificándose que os gastos efectuados no mantemento da gardería municipal ascenden a 10.942.351 pesetas, que se *desglosan* na cantidade concedida pola Consellería (9.102.033 pesetas) e a achega municipal (1.840.318 pesetas).

O día 11 de xaneiro de 2002 remítese unha rectificación da anterior xustificación, consignándose un gasto total e contribución municipal, respectivamente, de 11.769.553 e 2.667.500 pesetas.

O día 26 de marzo de 2002 remítese á Consellería de Familia o Balance certificado de ingresos e gastos, incumpríndose o artigo 14.2,B) da Orde reguladora, que establecía como prazo máximo o 31 de xaneiro de 2002.

Como queira que o órgano concedente ordenou o pago da axuda contra a certificación de gasto remitida pola entidade local, sen que a Orde de convocatoria establecese a obriga de render os

xustificantes de gasto, revisáronse estes, non estimando correctos os datos consignados na xustificación rendida o 11 de xaneiro de 2002. Detectáronse as seguintes incidencias:

- O gasto total do Concello, computable ós efectos de xustificación da axuda, ven determinado polo prezo total da contratación externa (7.200.000 pesetas), ó que se engaden a taxa municipal (5.579.350 ptas.) e os gastos que, sendo de conta do Concello de conformidade coas condicións pactadas coa contratista, resultan imputables á conta xustificativa da subvención ó abeiro da Orde Reguladora, e que, unha vez analizados, ascenden a 528.304 pesetas.
- Entre as facturas achegadas pola entidade local figuraban facturacións correspondentes ó exercicio 2000, que non se valoran por non corresponder ó exercicio orzamentario da axuda. Así mesmo, achegáronse gastos correspondentes a 2001 polo importe de 2.120.050 pesetas cuxa imputación non procede ben por corresponder á asunción deste gasto ó contratista e non ó Concello (facturación de mobiliario por importe de 1.600.000 pesetas) ben por non constituír unha actuación de mantemento propiamente dita (facturación da instalación de calefacción por importe de 400.000 pesetas).
- O ingreso computable ven dado pola cantidade ingresada en concepto de axuda (9.102.033 pesetas) así como pola taxa municipal (5.579.350 pesetas), que constituíe na mesma medida gasto e ingreso (ámbolos dous en formalización).
- De acordo co anterior, a diferenza entre os ingresos e gastos computables dá un superávit para a entidade local de 1.373.729 pesetas, podendo constituír un exceso de financiamento da actividade subvencionada de acordo co artigo 19 Decreto 287/2000, o que determinaría a procedencia de instruír o oportuno procedemento de reintegro.

2) Programa Experimental de Emprego

Órgano concedente: MTAS. Cofinanciada polo Instituto Nacional de Emprego e a UE(Fondo Social Europeo)
Orde da convocatoria: Orde do 2 de novembro de 2000
Importe concedido: 182.507.912 pesetas.

O obxecto desta subvención é a contratación de traballadores desempregados de longa duración, inscritos como tales na Oficina de Emprego, para a realización dunha obra ou servizo de interese xeral e social. A execución dos mesmos, necesariamente iniciada antes do 31 de decembro de 2000, debía finalizar durante o primeiro semestre de 2001.

a) *Concesión da subvención*

Se ben o investimento total previsto na solicitude ascendía a 191.944.140 pesetas, das que 9.436.228 pesetas correspondían á achega municipal, non se recolle a obrigatoriedade de efectuar a dita achega nin a da súa xustificación na resolución de concesión da axuda, que se acorda o 21 de decembro de 2000 pola Dirección Provincial do Instituto Nacional de Emprego.

b) *Contratación de persoal*

Procédese á selección dos traballadores desempregados mediante oferta xenérica xestionada pola Oficina de Emprego (Consellería de Familia) de Cambados, de acordo coa certificación expedida ó efecto polo Director desta institución. Porén, a Comisión de Goberno do 29 de decembro de 2000 acorda, sen suxeitar a motivación, a contratación laboral temporal de 161 traballadores. Non existe constancia do número de candidatos remesados pola oficina de emprego, dos criterios empregados para a selección nin da realización de proba de selección ningunha ós candidatos seleccionados, o que podería incumprir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que deber rexer ó acceso ó emprego público.

c) *Xustificación*

Non se acredita no expediente a achega comprometida pola entidade local na solicitude, nin consta a súa esixencia polo Instituto Nacional de Emprego.

Efectuouse a devolución dos excedentes non executados por cada unha das áreas do programa no mes posterior á súa terminación, ascendendo o importe total da devolución a 6.275.418 pesetas. Obtida unha mostraxe ó efecto de verificar a procedencia das cantidades de axuda reembolsadas, verificouse a existencia de percepcións por nómina superiores ás acreditadas nas liquidacións parciais da axuda, o que non implica a improcedencia da cantidade devolta, toda vez que puideran ter concurrido á prestación de servizos con carácter posterior á vixencia do Plan.

3) *Plan concertado e servizos especializados*

Órgano concedente: Consellería de Asuntos Sociais.

Orde da convocatoria: 4 de abril de 2002, DOG núm. 73 do 16 de abril de 2002.

Importe concedido: 40.431,23 euros

Esta liña de axuda promove o financiamento total ou parcial da prestación de servizos sociais de atención primaria e especializada polas Corporacións Locais.

a) Solicitude e concesión

O Concello solicitou a concesión de 113.394,87 euros en relación co Plan Concertado e 30.435 euros en relación cos servizos especializados. No expediente fiscalizado figura unicamente a concesión de axudas polos conceptos que se mostran no cadro adxunto. Requiriuse, sen que fose obxecto de achega, a xustificación correspondente á realización das actividades que integraban os servizos especializados.

Concepto	Cantidade consignada na solicitude (euros)	Cantidades outorgadas na resolución da axuda (euros)	Cantidade certificada na xustificación achegada
1 Persoal de asistencia primaria:			
1 asistentes social	23.682,97	14.018,71 ⁽¹⁾	21.277,86
1 asistente social de apoio	22.210,49	13.147,05 ⁽¹⁾	10.609,95
1 auxiliar administrativo	14.350,20	10.883,07	14.785,30
2 Mantemento dos servizos sociais de base	2.000,00	601,01	1.467,13
3 Axuda a domicilio	24.040,00	10.818,22	26.570,01
4 Xestión de programas: prestacións económicas	18.030,00	1.803,00	4.457,19
TOTAIS	104.313,66	40.431,23 ⁽²⁾	79.167,44

⁽¹⁾ A axuda concedida non desglosaba estes conceptos, figurando na resolución polo importe total de 16.325,89 euros, que non inclúe a cantidade de 10.839,93 euros en concepto de remanentes. As cantidades que figuran no cadro, que inclúen o remanente, imputáronse en proporción ás cantidades consignadas na solicitude da axuda.

⁽²⁾ Non inclúe o remanente de 10.839,93 euros antes mencionado.

Non consta no expediente fiscalizado a remisión, xunto coa solicitude, do Regulamento municipal de Axuda no Fogar que o artigo 8.2,b) da Orde reguladora esixe para a concesión desta natureza de axuda.

b) Contratación e xustificación

Detectáronse as seguintes incidencias:

1. Persoal de asistencia primaria:

Pese ó requirimento dos expedientes de selección correspondentes a 2002 da asistente social de apoio e o auxiliar administrativo contratados, os responsables municipais puxeron de manifesto a imposibilidade de *localizar expediente algún relativo ós ditos procedementos*, polo que non se acredita o acceso ó emprego público destes traballadores con respecto ós principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade.

O custo total xustificable destas contratacións laborais supera a axuda concedida que resulta imputable a cada unha das mesmas. Porén, os gastos totais (nóminas e cota patronal) xustificables no caso dos asistentes sociais non alcanzan os custos declarados na solicitude de concesión, polo que de acordo co artigo 13 da Orde Reguladora, que esixe a comunicación *de toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención*, poderíanse ter visto reducidas en 1.423,31 e 4.925,81 euros, respectivamente, ás axudas relativas ó asistente laboral fixo e ó contratado como apoio, de mediar a aplicación dos correspondentes coeficientes de financiamento.

Idéntica conclusión extraese con respecto ás liñas de axuda 2 e 4.

2. *Mantemento dos servizos sociais de base:*

Se ben a Memoria subscripta pola Alcaldía o 12 de febreiro de 2003 declaraba o investimento dos 1.463,13 euros nos conceptos de *quilometraxe, cursos de formación, adquisición de documentación, útiles de traballo e libros e gastos de mantemento (luz, limpeza, teléfono...)*, verificouse que o gasto efectuado se correspondía co seguinte *desglose*:

– 540,90 euros ingrésanse á asistente social de apoio, ó acceder a Comisión de Goberno do 24 de xuño de 2002 á petición efectuada pola traballadora de que *con cargo á subvención do Plan Concertado lle sexa aboado o custo total do 2º curso (2001-2002) do Modelo sistemático aplicado a Familias*. Deste xeito, e sen que conste a práctica de retención fiscal, se lle ingresa a totalidade do importe correspondente á factura xirada á traballadora polo *Centro de Terapia Familiar Kine*.

– Os 926,23 euros restantes ingrésanse á mesma traballadora en concepto de axudas de custo de locomoción, de acordo cunha relación de gastos de desprazamento efectuados pola profesional entre os meses de xaneiro e novembro de 2002. Estes pagos resultan cuestionables toda vez que, segundo obra no expediente, a traballadora comeza a súa prestación de servizos a mediados do mes de febreiro, ó tempo que non consta ningunha das ordes de servizo relativas á autorización destes desprazamentos nin figura un só xustificante de gasto dos mesmos no mandamento de pago.

Os anteriores gastos non atopan o seu encaixe e xustificación na axuda outorgada para o *Mantemento dos Servizos Sociais*, podendo encadrarse como retribucións de carácter encuberto. Deste xeito, o actuado pola entidade local podería dar lugar á instrución do oportuno expediente de reintegro, sen prexuízo das responsabilidades ás que houbera lugar ó tenor dos artigos 140 á 46 TRLXO.

3. *Axuda a domicilio:*

Este servizo prestase por medio de dous profesionais independentes constituídas en Comunidade de Bens, cuxa facturación entre os meses de decembro de 2001 e novembro de 2002 elevouse a 26.671,41 euros. Pese ó seu requirimento, non se achegou o procedemento nin consta a natureza da contratación das mesmas. Unicamente figuraba no expediente o acordo da Comisión de Goberno do 2 de xaneiro de 2002 polo que se accedía a unha solicitude de *renovación do encargo de prestación de servizos durante o ano 2002*.

As facturacións efectuadas polas profesionais no exercicio 2002 superan o importe da subvención concedida así como á contía da cantidade consignada na solicitude inicial da axuda.

4) Actividades destinadas á promoción da muller

Órgano concedente: Consellería de Familia.

Orde da convocatoria: 28 de decembro de 2001, DOG núm. 5, do 8 de xaneiro de 2002.

Importe concedido: 28.257,00 euros

A través destas axudas fináncianse programas e actividades que faciliten a incorporación da muller á vida política, económica, cultural, social e laboral, foméntanse asociacións de mulleres e prestase apoio económico a entidades e centros que presten servizos de atención á muller

Como resultado da análise da documentación facilitada detectáronse as seguintes incidencias:

a) Solicitude da subvención

Non consta no expediente a remisión dos seguintes documentos esixidos pola orde de convocatoria:

- Fotocopia compulsada do DNI da persoa física que asina a solicitude e documentación que acredite que posúe poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.
- Certificación bancaria da existencia de conta.

b) Xustificación da subvención

Pese a terse solicitado o expediente de selección do persoal adscrito a este servizo, este non foi facilitado o que impide verificar que se teña realizado de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade (artigo 91.2 LRBRL).

Certifícase un gasto total por importe de 31.775,18 euros dos que 25.040,09 euros corresponden a gastos de persoal, 3.500,92 euros a promoción de actividades e 3.234,17 euros a gastos de funcionamento.

En relación con estes últimos obsérvanse as seguintes incidencias:

- Existen determinados gastos (telefónicos, electricidade, combustible, limpeza e subministras de oficina) que se xustifican presentando facturacións globais efectuadas ó Concello e ó Centro de Saúde e imputando unha porcentaxe das mesmas ó funcionamento do Centro de Información

á Muller (CIM). En ningún caso se especifican os criterios utilizados para efectuar tal imputación, non se podendo afirmar polo tanto a correcta xustificación do correspondente gasto que ascende a 2.554,40 euros.

– Noutros supostos a contía das facturas xustificativas coincide coa do gasto imputado ó CIM, se ben o feito de que se xiren a nome do Concello impide verificar que se trate de gastos exclusivos do citado servizo.

– Así mesmo, presentase unha factura por importe de 54,06 euros relativa á revisión e recarga de extintores en diversos colexios do municipio sen que exista relación ningunha entre este gasto e o funcionamento do CIM, feito que impide entender cumprido o requisito de aplicación da subvención ó fin para o que foi concedida.

En relación coa xustificación de gastos de promoción de actividades non se detectaron incidencias significativas agás a da factura de *Viaxes Otero*, na que non queda acreditada a relación entre o viaxe facturado e a asistencia de persoal do CIM ó curso sobre *conciliación de vida laboral e familiar*. Así, non consta no expediente que a persoa que viaxa estea inscrita no citado curso, nin tampouco ás datas da súa realización.

5. Realización de accións de información, orientación e busca de emprego

Órgano concedente: Consellería de Familia

Orde da convocatoria: 21 de marzo de 2002. DOG 27 do marzo de 2002

Importe concedido: 17.602,89 euros

A través das accións financiadas por esta subvención, pretendese mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Obsérvanse as seguintes incidencias:

O expediente aparece desordenado e incompleto, feito que impide determinar con exactitude a cantidade finalmente concedida pola Consellería. Así, outórganse inicialmente 17.602,90 euros que con posterioridade parecen reducirse a 16.840,86 euros sen que se coñezan as causas determinantes de tal minoración. Finalmente ingrésanse a favor do Concello 12.630,64 euros.

Xustificación da subvención

Certifícase gasto por importe total de 17.070,25 euros dos que 15.359,52 euros corresponden a gastos de persoal e 1.710,73 euros a gastos xerais.

Dentro do importe total dos gastos xerais, 305,27 euros xustificanse mediante unha factura xirada con carácter global ó Concello por importe de 1.547,73 euros que se imputa a este

servizo nun 19,89%. Na medida en que non figuran no expediente os criterios obxectivos utilizados para efectuar a tal imputación, non podemos afirmar a correcta xustificación do gasto correspondente.

3.2. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS MONETARIAS DE CAPITAL

Rexístranse no capítulo 7 do Orzamento de ingresos. No anexo III reflíctense os dereitos recoñecidos durante os exercicios 2001 e 2002 polas transferencias e subvencións recibidas.

Da anterior relación seleccionouse a seguinte mostraxe de expedientes de subvencións, con obxecto de analizar o cumprimento dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, o expediente de contratación, así como a súa correcta contabilización:

	Órgano concedente	Descrición	Importe concedido
1)	Deputación Provincial	Dotación de beirarrúas no rural (PAM 2001)	96.762,95
2)	Consellería de industria	Axudas para mellora de instalación eléctrica	10.344,83
3)	Deputación Provincial	Rede de sumidoiros en Sete Pías, POL 2002	92.026,51

1. Programa de Acción Municipal para 2001

Proxecto: Dotación de beirarrúas no rural

Órgano concedente: Deputación de Provincial Pontevedra.

Bases reguladoras: BOP do 14 marzo de 2001

Importe concedido: 96.762,95 euros.

O obxecto deste programa é garantir a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal relacionados nos artigos 25 e 26 da LRBRL.

a) Tramitación do expediente de contratación

Existe un proxecto xeral para *Dotación de beirarrúas no rural*, de orzamento 96.762,95 euros, comprensivo dunha serie de tramos dos que finalmente se licitan dous, Corbillón-Tragove por importe de 59.733,87 euros e Fefiñanes-Oubiña-Facho por importe de 36.428,06 euros.

Por tratarse dun mesmo obxecto procedería a licitación conxunta de ámbolos dous proxectos porén, o Concello arbitrou dous procedementos negociados por razón da contía incorrendo así, no suposto previsto no artigo 68.2 do TRLCAP que establece que non se poderá fraccionar un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir así ós requisitos de publicidade, o procedemento ou á forma de adxudicación que corresponda.

b) Xustificación da subvención

No expediente non consta a remisión á Deputación dos documentos acreditativos de estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Deputación, esixidos pola Base novena das reguladoras do Plan.

As certificacións aprobadas ascenden a 50.366,54 euros, sendo a dita cantidade ingresada pola Deputación en decembro de 2003, pese a ter incumplido o Concello a Base duodécima da convocatoria, que establece que *as obras serán contratadas na súa totalidade orzamentaria nun só acto e a un só adxudicatario*.

2. Axudas para a mellora das instalacións eléctricas e fomento da utilización ou produción de recursos enerxéticos renovables

Órgano concedente: Consellería de Industria

Convocatoria: Orde do 13 de xuño de 2002. DOG do 26 de xuño de 2002

Importe concedido: 10.344,83 euros.

Da análise do expediente dedúcense as seguintes incidencias:

a) *Solicitud da subvención*

Non consta no expediente a remisión do calendario de execución do investimento, esixido pola orde no artigo 5.3,d), con referencia a cada unha das actuacións que configuran o proxecto (mes de inicio, mes de finalización). Na Memoria que se envía figura unicamente o prazo global de realización das obras que será de noventa días naturais a partires da adxudicación do contrato.

O resto de documentos requiridos pola convocatoria remítense no prazo xunto coa solicitude.

b) *Xustificación da subvención*

A documentación xustificativa remítese o 26 de novembro de 2002 cumprindo así o prazo establecido na resolución de concesión, que establece que as obras se deberán realizar e se xustificaran antes do 30 de novembro. Porén, a dita resolución contradí o establecido na orde de convocatoria (artigo 10) que fixa como data límite para executar as actuacións que foran obxecto de subvención e para xustificar o correspondente investimento o 31 de outubro do ano que corresponda.

Entre os documentos remitidos non consta a acreditación polo Concello de estar ó día nas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, requirida polo artigo 6 da Orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras destas axudas.

A pesares de que se esixe o envío de proxecto visado e facturas orixinais se remite proxecto sen visar e copia da factura (por importe de 30.000,00 euros), sen que se poida verificar que o Concello dispón da orixinal.

Trala presentación desta documentación, emitíronse reparos por parte da Intervención de Economía e Facenda, se ben no expediente só figuran as alegacións efectuadas en relación cos mesmos.

Finalmente ingrésanse a favor do Concello, con data 2 de xullo de 2003, 10.344,83 euros.

c) Tramitación do expediente de contratación

Acódese á figura do contrato menor, o que está xustificado por razón da contía (25.862,07 euros).

O gasto é aprobado en Comisión de Goberno do 27 de xullo de 2002. Non está previsto no anexo de investimentos polo que se realiza unha xeración de crédito polo importe achegado pola Consellería (10.344,83 euros) e aprobase un suplemento para a mesma partida por importe de 42.870 euros. Ámbalas dúas modificacións prodúcense en novembro de 2002 o que implica que a aprobación do gasto (xullo, 2002) non se efectuou dentro do importe dos créditos orzamentados, incumprindo así o establecido no artigo 55 do RD 500/1990.

3. Programa Operativo Local para 2002

Proxecto: Rede de sumidoiros en Sete Pías

Órgano concedente: Deputación Provincial de Pontevedra.

Bases reguladoras: RD 1328/1997.BOE do 20 de agosto de 1997. Orden do 7 de maio de 1998. BOE do 19 de maio de 1998.

Importe concedido: 92.026,51 euros.

a) Xustificación da subvención

O contrato adxudicase o 12 de agosto de 2002 por 97.569,69 euros certificándose, con data 14 de agosto dese mesmo ano, que a adxudicación se efectuou polo importe de 102.263,06 euros.

A diferenza entre ámbalas dúas cantidades correspóndese coa contía dos honorarios por redacción do proxecto (4.693,37 euros) cuxa execución foi obxecto de contratación independente e polo tanto deberan figurar en certificación separada.

b) Tramitación do expediente de contratación

Obsérvanse as seguintes incidencias, todas elas referidas ós pregos:

- Inclúese entre os criterios de adxudicación *a capacidade recoñecida á empresa para a execución deste tipo de obras* sendo este un elemento determinante da solvencia do contratista non da adxudicación do concurso.

- Así mesmo, valórase que as empresas acheguen o *compromiso escrito para contratar persoal do INEM de Cambados*. A Lei non contempla este suposto, podendo supoñer unha

quebra do principio de igualdade esixido como requisito dos contratos no artigo 11 do TRLCAP.

– Os pregos non están dilixenciados o que impide garantir que o seu contido coincide co aprobado en Comisión de Goberno.

3.3. SUBVENCÍONS EN ESPECIE

O desprazamento patrimonial que se produce como consecuencia da percepción das subvencións en especie non ten carácter diñeirario, consistindo na entrega dun ben ou na prestación dun servizo sen que medie contraprestación por parte da entidade local. Este tipo de subvencións canalízanse, con carácter xeral, a través da figura do Convenio de colaboración, que poderá ou non ir precedido da existencia dun acordo da Corporación polo que se autorice a outra(s) administración(s) á realización de obras ou á prestación de servizos no solo municipal, e que unha vez concluídas, pasan a formar parte do Patrimonio municipal previo ó acto formal de entrega.

Pese ó requirimento inicial, reiterado formalmente con carácter posterior (Requirimento do 31 de xaneiro de 2005), da certificación dos acordos do Pleno, Comisión de Goberno e Resolucións da Alcaldía polo que se autorizou a relación de obras ou a prestación de servizos no Municipio ás outras administracións e dos elementos de inmovilizado entregados ó Concello por outras administracións nos exercicios 2001 e 2002, non se facilitou información ningunha ó respecto.

Nos Anexos II e III figuran relacionadas, entre as subvencións correntes e de capital recibidas, os convenios subscritos polo Concello con outras entidades de carácter público e privado. Desa relación seleccionáronse os seguintes convenios co obxecto de analizar a natureza dos mesmos, as contraprestacións de ámbalas dúas partes e a execución efectuada a teor do seu clausulado:

Convenios ano 2001		
Entidade coa que se subscribe	Obxecto	Achega da Entidade coa que se subscribe (euros)
1) Ministerio de Fomento	Museo do viño	45.000.000 ptas.
2) Consellería de Agricultura	Museo do viño	3.000.000 ptas.
3) Consellería de Cultura	Museo do viño	3.000.000 ptas.
Convenios ano 2002		
4) Consellería de Cultura	Rehabilitación edificio de usos múltiples	270.455,45
5) Consellería de Familia	Construción de gardería infantil	420.000,00

1) Convenio de Colaboración co Ministerio de Fomento

Data do Convenio: 29 de decembro de 2000

Obxecto: Rehabilitación edificio Casa Ricoy

Achega do Ministerio: 45.000.000 pesetas.

a) *Obxecto do Convenio e concorrencia de competencias e interese común*

O obxecto do convenio é a rehabilitación do *edificio Ricoy* para a instalación no mesmo dun

Museo Etnográfico e do Viño. Tanto o Concello como o Ministerio teñen competencias en materia de cultura polo que é posible articular esta colaboración a través da figura do Convenio.

b) Contraprestacións das partes

Da análise do expediente dedúcese que a colaboración entre ámbalas dúas administracións xurde como consecuencia de *xestións realizadas pola Alcaldía ante a Dirección Xeral de Vivenda, Arquitectura e Urbanismo*, sen que quede acreditada a existencia dunha convocatoria pública que garante que outros Concellos, con necesidades similares, se poidan beneficiar de axudas neste sentido. Este feito, supón unha omisión dos requisitos de publicidade e concorrència sen que exista xustificación razoada para isto é, así mesmo, unha quebra dos principios e igualdade e solidariedade interterritorial constitucionalmente garantidos.

c) Cumprimento de requisitos previstos na LRXAP e PAC

Con carácter xeral, o Convenio contén as determinacións esixidas pola normativa.

d) Publicidade do Convenio

Non consta que o Convenio fora publicado tal e como esixe a LRXAPC no seu artigo 8.

Expedientes núms. 2 e 3:

Os mencionados expedientes son obxecto da análise conxunta debido á relación existente entre o seu obxecto, tendente á dotación de medios materiais para o Museo do Viño (expediente núm.3):

	Convenio da Consellería de Agricultura, co Concello	Convenio da Consellería de Cultura, co Concello
Data de subscrición	28 de xuño de 2001	8 de outubro de 2001
obxecto	Posta en marcha do Museo do viño	Equipamento e dotación do Museo Etnográfico e do viño
Achega da Consellería	3.000.000 ptas.	3.000.000 ptas.
Cofinanciamento municipal	Non consta a achega municipal Non consta a totalidade do gasto proxectado nin o <i> desglose </i> das súas fontes de financiamento.	Non consta a achega municipal. Non consta a totalidade do gasto proxectado nin o <i> desglose </i> das súas fontes de financiamento
Xustificación remitida polo Concello á Consellería	Non consta a remisión de documentación xustificativa á Consellería. No expediente figura a factura xirada por 4.988.200 ptas. pola empresa Proa Sur, S.L.	Remítense 3 facturas o 21-XII-2001 polo importe total de 14.890.920 ptas. : 4.918.400 ptas. : Proa Sur, S.L. Produción e montaxe de contidos do Museo. 4.988.200 ptas. : Proa Sur, S.L. Proxecto Museo gráfico para o Museo do Viño 4.984.520 ptas. : Procarpin, S.L. Subministro de mobiliario para o Museo do Viño.

a) Concorrència de competencias e interese común

En ámbolos dous convenios existe concorrència de competencias e de intereses comúns entre o Concello e os Departamentos autonómicos, polo que resulta viable a articulación desta colaboración a través da figura do Convenio.

A utilización do Convenio como instrumento a través do que se canalizan as subvencións outorgadas a unha entidade local pola parte doutra administración pública, non exime do cumprimento das esixencias de publicidade e libre concorrència derivadas da aplicación dos principios constitucionais de igualdade e solidariedade interterritorial. Os ditos principios determinan a obriga de que as entidades locais que pretendan obter a cooperación económica articulada a través do instrumento do Convenio poidan concorrer en condicións de igualdade con outras que se atopen na súa mesma situación, concorrència que só cabería excepciónar, previa xustificación razoada, naqueles supostos en que polas especificidades da entidade ou dos intereses perseguidos non existise unha pluralidade de administracións que puidesen ser destinatarias da dita axuda financeira.

Non existe constancia do cumprimento por parte da Administración Autonómica do principio de publicidade nin da existencia dun convenio marco ou convocatoria que garante a concorrència en condicións de igualdade daqueles municipios que, atopándose na mesma situación, puidesen resultar beneficiarias da dita cooperación, o que non garante a súa non discriminación.

b) Contraprestacións das partes

As obrigas do Concello concréntanse no desenvolvemento do proxecto museográfico, no caso do Convenio coa Consellería de Agricultura, e no equipamento e dotación de medios, no outro suposto. En ámbolos dous casos os Departamentos autonómicos obríganse ó apoio financeiro das actividades descritas pola cantidade global de 6.000.000 pesetas, o 50% con cargo ó capítulo VII do Orzamento de Gastos de Agricultura, e o resto, incorrectamente con cargo ó capítulo VI do Orzamento de Gastos da Consellería de Cultura. Estes compromisos de achega efectúanse sen que no clausulado e os Convenios exista constancia do custo das actuacións programadas. Deste xeito, as colaboracións descritas non encobren senón o outorgamento de subvencións sen que teña mediado o cumprimento dos principios consagrados polo artigo 81.6 TRLXO.

c) Cumprimento de requisitos previstos na LALG, LRXAP e PAC

As cláusulas de ámbolos dous Convenios axústanse ós extremos previstos nos artigos 199 da LALG e 6 da LRXAP e PAC. Porén non se acompañan os mesmos da memoria esixida polo artigo 199,h) da LALG, onde consten os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

d) Publicidade dos Convenios

Non consta a publicidade oficial dos Convenios, incumpríndose o previsto no artigo 8 da LRXAP e PAC.

e) Contratación administrativa

Durante a realización dos traballos de campo solicitouse con carácter reiterado a achega dos expedientes de contratación correspondentes ó proxecto global sen que este fose obxecto de achega, polo que non consta a tramitación dun procedemento de contratación ó abeiro do TRLCAP, incumpríndose os principios de publicidade, concorrancia, igualdade e non discriminación recollidos no seu artigo 11.1.

Deste xeito, adjudicáronse sen mediar procedemento 14.890.920 pesetas a *Procarpin, S.L* e *Proa Sur, S.L.*, verificándose, de acordo coa información obrante no Rexistro Mercantil, que na persoa dos administradores solidarios de *Procarpin, S.L.* concorre así mesmo a de conselleiros (conselleiro e presidente-conselleiro delegado) en *Proa Sur, S.L.*

De acordo co anterior, a actuación municipal podería dar lugar á esixencia das responsabilidades ás que se refire a Disposición adicional 5ª TRLCAP.

f) Execución dos convenios e xustificacións rendidas

Detectáronse as seguintes incidencias.

En relación co Convenio suscrito coa Consellería de Agricultura:

Non consta a remisión por parte do Concello das facturas comprensivas dos gastos realizados, o que esixía, con carácter anterior ó pago, a cláusula Quinta do Convenio.

Non consta a comunicación ó Departamento autonómico da totalidade da actuación proxectada, do custo estimado e financiamento da mesma así como das axudas solicitadas o que se prevía solicitar para o seu desenvolvemento.

En relación co Convenio suscrito coa Consellería de Cultura:

Remítese, en concepto de xustificación, a totalidade das facturas indicadas no anterior cadro, comunicándose as fontes de financiamento do proxecto:

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria	3.000.000 ptas.
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	3.000.000 ptas.
Caixanova	3.720.000 ptas.
Concello	5.170.920 ptas.
TOTAL	14.890.920 ptas.
Porcentaxe de financiamento municipal	35%
Porcentaxe de financiamento externa	65%

Nas facturas presentadas non figura o adecuado *desglose* do prezo unitario dos bens adquiridos e servizos recibidos dos provedores.

Incúmprese a cláusula 3ª, que esixía o axuste das actuacións de contratación con suxeición ó TRLCAP. A súa vez, a cláusula 11ª configuraba este incumprimento entre as causas de resolución do Convenio.

4. Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura

Data do Convenio: 27 de xullo de 2000

Obxecto: Rehabilitación de edificio para usos múltiples

Achega da Consellería: 270.455,45 euros.

a) Obxecto do Convenio e concorrencia de competencias e interese común

Existe concorrencia de competencias e de interese común polo que en principio se podería articular esta colaboración a través da figura do Convenio.

b) Contraprestacións das partes

A Consellería comprométese a participar no financiamento entregando ó Concello 270.455,45 euros ó longo de catro anualidades (2000-2003) asumindo este a elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico, a contratación, dirección e execución das obras de construción do centro sociocultural e ó pago dos honorarios de facultativos pola redacción de proxectos e dirección de obras.

c) Cumprimento de requisitos previstos na LALG, LRXAP e PAC

O Convenio contén tódalas determinacións esixidas pola normativa.

d) Publicidade do Convenio

Non consta que o convenio teña sido publicado tal e como esixe a LRXAPC no seu artigo 8.

e) Expediente de contratación

Obsérvanse as seguintes incidencias:

O proxecto de obras que figura no expediente carece de visado.

O contrato adjudicase por 601.012,10 euros. En novembro de 2003 aprobase, por Comisión de Goberno, unha modificación do mesmo que supón un incremento de 120.197,57 euros con respecto ó orzamento inicial. Non se puido verificar a formalización da modificación en documento administrativo (artigos 54 e 101 TRLCAP) nin o correspondente reaxuste da garantía (artigo 42 TRLCAP). Tampouco a existencia de fiscalización de Intervención esixida polo artigo 67.2 TRLCAP.

Non figuran no expediente as facturas correspondentes ás certificacións núm. 1 (60.101,00 euros), núm. 5 (8.557,15 euros) e núm. 18 (25.4321,62 euros).

5. Convenio de colaboración entre a Consellería de Familia e o Concello

Data do Convenio: 28 de xuño de 2001
Obxecto: Construción dunha gardería infantil
Achega da Consellería: 70.000.000 de pesetas

a) Obxecto do Convenio e concorrencia de competencias e interese común

Existe concorrencia de competencias e de interese común polo que en principio se podería articular esta colaboración a través da figura do Convenio.

b) Contraprestacións das partes

A iniciativa desta actuación parte do Alcalde que, con data 29 de marzo de 2001, envía un escrito á Consellería expoñendo as causas que fan necesaria a construción da gardería no municipio e a insuficiencia de recursos, por parte do Concello, para afrontar o dito gasto.

Como consecuencia disto asinase, o 28 de xuño de 2001, un Convenio sen que quede acreditada no expediente a existencia dunha convocatoria pública ou acordo marco que garante a concesión de axudas neste sentido ós outros Concellos con necesidades similares.

A Consellería comprometése a achegar 70.000.000 de pesetas para o financiamento das obras de construción da gardería, cuxo importe total ascende a 70.407.388 pesetas, asumindo o Concello a achega dos terreos necesarios para a realización das mesmas e a súa contratación. Non existen, polo tanto, achegas diñeiradas equivalentes que determinen un financiamento concorrente, o que permite concluír que se subvencionou un gasto eludindo os requisitos esixidos a tal efecto polos artigos 81 e 82 d TRLXO.

c) Cumprimento de requisitos previstos na LALG, LRXAP e PAC

O Convenio contén tódalas determinacións esixidas pola normativa.

d) Publicidade do Convenio

Non consta que o Convenio fora publicado tal e como esixe a LRXAPC no seu artigo 8.

e) Expediente de contratación

Presenta as seguintes incidencias:

– Acódeuse á tramitación de urxencia, sen que esta quede acreditada no expediente incumprindo, así, o artigo 71 do TRLCAP.

– En relación co acordo aprobatorio do expediente de contratación e do correspondente gasto, non se puido verificar a existencia de informe de Intervención, feito que contravirá os artigos 11 do TRLCAP e 214 do TRLRFL.

4. SUBVENCIONS OUTORGADAS

4.1. BASES REGULADORAS DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS SUBVENCIONS

A regulación municipal das subvencións concedidas recóllese, con carácter exclusivo, na Base de execución IX de Gastos do Orzamento vixente para os exercicios 2001 e 2002. Non se procedeu, en ningún caso, á aprobación de Bases específicas reguladoras dos diferentes tipos de axudas concedidas pola Corporación.

Nos exercicios 2001 e 2002 o Concello outorgou a totalidade das subvencións a través dos seguintes procedementos:

1. Mediante a súa consignación nominativa no Orzamento municipal. Se ben o artigo 81.6, b),2 TRLXO exceptúa o cumprimento do principio de publicidade cando se trata de subvencións nominativas, isto non exclúe da obriga de motivar a súa concesión, xustificando o interese xeral dentro da competencia local, así como o carácter finalista da actividade, gasto ou proxecto que se subvenciona (artigo 294.3 da LALG). As subvencións consignadas nominativamente no Orzamento municipal de 2001 e 2002 adoecen da referida motivación.
2. A consecuencia de solicitude de interesado, sen que en ningún caso esta se suxeitase á tramitación previa de convocatoria pública por parte do Concello.

O seguinte cadro fai mostraxe da distribución global das subvencións outorgadas nos exercicios 2001 e 2002:

Concepto	Exercicio 2001 (pesetas)		Exercicio 2002 (euros)	
	Créditos iniciais	Consignación nominativa nos créditos iniciais	Créditos iniciais	Consignación nominativa nos créditos iniciais
Axudas ó estudio	1.250.000	0	9.015,00	
subvencións a entidades culturais	2.000.000	1.100.000	12.000,00	11.380,00
Subvencións a entidades deportivas	7.300.000	6.200.000	42.371,00	35.760,00
Subvencións a entidades benéficas	1.500.000	1.200.000	10.612,00	7.212,00
TOTAIS	12.050.000	8.500.000	73.998,00	54.352,00

O Concello consignou nominativamente o 71% e o 73%, respectivamente, do importe total das subvencións outorgadas nos exercicios 2001 e 2002. Estas consignacións, carentes da motivación (artigo 54 LRXAP e PAC) legalmente esixible, -ó que se une inexistencia de convocatoria oficial para a adxudicación das restantes axudas-, teñen como consecuencia a limitación da concorrencia ó acceso de axudas públicas, o que non permite facer efectivo o principio de igualdade (artigo 294.3 da LALG).

A continuación expóñense as incidencias derivadas da análise de legalidade do articulado das referidas bases:

Bases de execución do orzamento do exercicio 2001 e 2002 (base IX, Gastos)

A regulación contida na Base, idéntica nos exercicios 2001 e 2002, limitase a esixir dos perceptores de subvencións a acreditación previa -mediante certificación do Interventor- da inexistencia de débedas coa Corporación, así como *á xustificación da aplicación dos fondos percibidos mediante conta pormenorizada, á que se engadiran as facturas e demais documentos que acrediten o seu investimento na finalidade para a que fose concedida*, para o que se concede o prazo dos tres meses posteriores ó cobro da subvención.

Esta regulación adoece das seguintes carencias:

- Non se regula a esixencia de aprobación de bases de convocatoria específicas para a concesión de subvencións, polo que se infrinxe o artigo 81.6 TRLXO, de aplicación supletoria ás corporacións locais. Este feito ten como consecuencia a vulneración dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade consagrados no anterior artigo e no 294.1 LALG, que á súa vez engade o de igualdade.
- Non se esixe ós beneficiarios a comunicación doutras subvencións e axudas obtidas para a mesma finalidade (artigo 81.4 TRLXO). Deste xeito, non se garante en ningún caso que as axudas concedidas, en concorrencia coas que os beneficiarios puideran obter doutros entes públicos ou privados non superen o custo da actividade subvencionada. Esta falta de previsión dificulta, cando non impide, a detección polo ente concedente dos supostos de reintegro derivados dos excesos de financiamento das actividades que son obxecto de promoción pública.
- Non se prevé o réxime de garantías que, no seu caso e para una maior seguridade no manexo dos caudais públicos, formalizarían os beneficiarios (artigo 81.6,a),4 do TRLXO).
- Non se establece un réxime de xustificación adecuado para as axudas ó sostemento das entidades sen ánimo de lucro. Ademais de xustificar mediante facturas, como mínimo, o importe concedido, debería procederse á esixencia de memorias xustificativas das actividades

desenvolvidas, así como do envío das contas aprobadas polo órgano competente da entidade, quedando os xustificantes á disposición da Intervención municipal, ós efectos, no seu caso, da súa oportuna fiscalización.

– Non se establecen os criterios de valoración para a concesión das axudas, que se deberían acompañar da ponderación da súa importancia relativa, así como do procedemento para a súa valoración e xustificación ó efecto de dar cumprimento ó principio de obxectividade.

– Se ben o artigo 236 ROF condiciona a percepción de subvencións polas asociacións veciñais á súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, non se verificou a súa existencia nos exercicios 2001 e 2002. Pola outra parte, as Bases analizadas non esixían a acreditación da inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións dependente da Consellería de Xustiza, no que, con independencia do Rexistro anterior, deberían figurar necesariamente todas aquelas.

4.2. ANÁLISE DE EXPEDIENTES

De acordo coa certificación expedida pola Intervención municipal, o Concello de Cambados concedeu nos exercicios 2001 e 2002 as subvencións que se relacionan no Anexo IV.

Como resultado do traballo efectuado sobre a mostraxe que se indica a continuación, detectáronse as seguintes incidencias:

Beneficiario	Carácter	2001 (ptas.)	2002 (euros)
1) Padroado banda de música	nominativa	759.000	
2) Escola e Club de fútbol. Xuventude	“	2.125.000	0,00
3) Escola e Club Baloncesto. Xuventude	“	1.725.000	
4) Asilo	“		3.005,00
5) Club de Piragüismo	“		1.803,00
6) Sociedade Cultural	“		1.202,00
7) X.A.V. Escola e Club	“		1.803,00
8) Asociación banda de música de Castrelo	a solicitude do interesado	100.000	
9) Asociación banda de música de Castrelo	“	100.000	
10) Sociedade nativos de Cambades	“	396.000	
11) C. D. Salmés	“		1.803,00
12) Federación Galega de Ciclismo	“		3.000,00
13) Varios por bolsas		1.250.000	6.815,59
TOTAL		5.205.000	25.387,00

Incidencias comúns ós expedientes núms. 1 ó 7 (subvencións nominativas):

– Non existe motivación xurídica das razóns da súa concesión nin da contía concreta asignada ás mesmas, descoñecendo os criterios empregados para a súa graduación, o que afecta ós principios consagrados no artigo 81.6 TR e ó de equidade na asignación do gasto público (artigo 31.2 CE).

- Coas salvidades que a continuación se indican nos expedientes núms. 2 e 3, non consta a presentación dun orzamento dos gastos e ingresos da actividade ou proxecto a desenvolver, nin así mesmo a rendición de conta xustificativa pormenorizada da mesma. Como queira que estes documentos non se esixen polo Concello nin se achegan polo beneficiario nun trámite anterior (orzamento) nin posterior (conta xustificativa) á concesión, descoñécese a porcentaxe de financiamento municipal no proxecto subvencionado así como a contribución efectiva derivada da execución do mesmo.
- No expediente núm. 2 (Xuventude, Escola e C.F.) e na relación co exercicio 2001, o beneficiario comunica –aínda que no trámite de remisión da xustificación- o orzamento de gastos e ingresos da actividade, pero non achega a conta xustificativa do mesmo. No expediente núm. 3 (Xuventude, Club e Escola de baloncesto) non figura o orzamento do Club nin da Escola. Achegase unha declaración do total dos gastos realizados.
- Así mesmo, non consta a formulación dunha memoria final das actividades nos expedientes núms. 1, 4 e 6.
- En ningún dos expedientes analizados se acreditou a inexistencia de débedas coa facenda municipal, infrinxíndose a Base IX de Gastos e o artigo 170.2 LRFL.
- O recoñecemento da obriga ten como único soporte o acordo de concesión da axuda, polo que se contabiliza a fase orzamentaria “O” en contravención da regra do servizo feito, isto é, con anterioridade a que o Concello preste conformidade á xustificación rendida polos beneficiarios. Na maior parte dos casos, a xustificación achégase no exercicio posterior ó de concesión, pese ó cal o Concello contabiliza incorrectamente o recoñecemento da obriga na contabilidade orzamentaria do exercicio da concesión. Desta forma, deberíase ter tramitado o oportuno expediente de incorporación de crédito, cuxa viabilidade quedaría condicionada á existencia de recursos financeiros en contía suficiente (remanente líquido). De non existir estes, o recoñecemento e posterior pago da axuda precisaría da instrución do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.
- Agás no expediente núm. 4, non figura nos expedientes fiscalizados a declaración doutras axudas e subvencións recibidas polos beneficiarios (artigo 81.4,d) TRLXO), o que non permite comprobar que o importe da axuda, en concorrencia con outras, non sexa superior ó custo da actividade desenvolvida polo beneficiario (artigo 81.8 TRLXO).
- Non se acredita de xeito fidedigno a personalidade xurídica das asociacións. Unicamente figura unha fotocopia -sen compulsa- do CIF nos expedientes núms. 1, 4, 6 e 7, sen que en ningún expediente se acredite a inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións.

- As facturas que obran nos expedientes de xustificación das axudas se documentan en fotocopias sen compulsar, o que non garante a súa veracidade. Non se achega a xustificación do pago das mesmas, o que puidera non acreditar con carácter suficiente o investimento das axudas nas finalidades para ás que foron outorgadas.
- Pese ás deficiencias detectadas, non consta a emisión de informe en relación coa concesión e xustificación das axudas pola Intervención municipal, certificándose a inexistencia de reparos nos exercicios 2001 e 2002.

Incidencias específicas detectadas nos expedientes núms. 1 ó 7 (subvencións nominativas):

1) Padroado Municipal Banda de Música de Castrelo (750.000 pesetas):

Este OO.AA. municipal foi creado *como vía de colaboración entre o Concello e a Banda de Música de Castrelo* mediante acordo plenario do 5 de outubro de 1984. Non constando nos exercicios 2001 e 2002 (nin nos anteriores) a formulación de estados orzamentarios e contables, e toda vez que na proposta de disolución formulada pola Alcaldía do 26 de agosto de 2003 declarábase que *o tempo transcorrido e os cambios sufridos pola Banda de Música de Castrelo, dotada de personalidade xurídica a través da asociación cultural homónima, fan precisa a reformulación do marco de relacións entre o Concello e a banda de música*, procedese á súa disolución mediante acordo plenario do 28 de agosto de 2003.

Pese a se atopar legalmente constituído nos exercicios fiscalizados, non se exerceu control ou fiscalización por parte da Intervención Municipal sobre o OO.AA., que a teor dos datos obrantes no expediente contaba con bens adscritos, a cuxa disolución se deberían transvasar directamente ó Concello. Non consta no expediente a relación valorada dos mesmos, nin así mesmo a súa natureza, agás unha conta bancaria aberta en Caixanova, cuxo saldo (5.272,21 euros) se ingresou nunha conta de titularidade municipal tralo requirimento efectuado pola Alcaldía o 6 de novembro de 2003.

Con data do 18 de novembro de 2003 a entidade Caixanova procede á reclamación da anterior cantidade ó Concello, alegando que tralo proceso de fusión operado na entidade financeira se unificaron ás contas correspondentes ó Padroado e á Asociación, polo que reputa indebida a cancelación efectuada. Descoñécese a práctica do reintegro da citada contía por parte do Concello. Pese a efectuar este ente fiscalizador un requirimento formal da documentación xustificativa da situación e ós movementos das contas de que era titular o Padroado e que se debían integrar no patrimonio municipal á súa disolución, non se facilitou información ó respecto.

Nesta situación, pódese producir menoscabo nos caudais de titularidade pública, o que daría lugar á esixencia das responsabilidades correspondentes.

En relación coa axuda outorgada nos Orzamentos de 2001, púxose de manifesto o seguinte:

- Non constando a motivación do outorgamento, constitúe unha achega municipal ós gastos de funcionamento do Padroado, a cuxa titularidade se ingresa, pese a se producir unha manifesta confusión entre aquel e a Asociación.
- Pese a non se remitir xustificación ningunha da axuda ata o mes de abril do exercicio 2002, recoñécese incorrectamente a obriga no Orzamento municipal de 2001.
- A xustificación remitida polo Padroado consistiu nunha factura de 4507,60 euros, expedida o 23 de abril de 2002 por un total de catro actuacións realizadas debido ó *Convenio co Concello*, que non constaba no expediente fiscalizado. A citada xustificación non se estima correcta ó efecto de acreditar os gastos de funcionamento do citado Padroado, polo que, na ausencia da anterior acreditación, se deberán adoptar as actuacións pertinentes.

2) Club e Escola de Fútbol Xuventude (2.000.000 e 125.000 pesetas):

Se ben o Orzamento do Club e da Escola (9.315.000 e 1.700.000 pesetas, respectivamente) presentáronse por separado e no trámite de xustificación da axuda, esta non se rende de forma diferenciada, xuntándose unha declaración global de gastos cuxo importe ascendía a 2.674.467 pesetas. Non se acredita que estes constitúan os totais da actividade do Club e da Escola nin a contía ou porcentaxe que correspondería imputar a cada un dos anteriores. Desta forma, podería resultar procedente a redución das axudas concedidas ós anteriores proxectos en relación á porcentaxe de execución de gastos reais sobre os orzamentados.

Os gastos declarados polo beneficiario, correspondentes en parte ós exercicios 1999 e 2000, non resultan subvencionables, ó abeiro do principio de anualidade orzamentaria. Estes gastos desglósanse como segue:

Concepto	Importe (ptas.)
Gastos correntes de mantemento	1.046.895
Material deportivo	122.850
Arbitraxes	483.822
Mutualidade deportiva	570.900
Transporte	450.000
TOTAL	2.674.467

En relación cos *gastos correntes*, achégase documentación polo importe total de 954.974 pesetas, inferior ás 1.046.895 declaradas. A cantidade anterior comprende:

- Fotocopias de *recibís* por importe de 179.250 pesetas -90.500 pesetas corresponden ó exercicio 1999- nas que non se identifica ó provedor dos servizos.
- Facturacións, albarás e tickets por importe de 424.577 pesetas – 75.485 pesetas corresponden ó exercicio 2000 e un dos anteriores, de 26.945 pesetas, carece de data de expedición- que non se estiman adecuados ó efecto de xustificación da actividade.
- Facturacións correctas polo importe de 351.147 pesetas, das cales 99.519 corresponden ó exercicio 1999. O resto, porén, documéntanse en fotocopias sen compulsa, sen que conste a data de presentación e sen que exista constancia do seu pago polo beneficiario.
- As facturas presentadas como xustificación do *material deportivo* e o *transporte* non se axustan a Dereito, polo que non se acredita a realización dos conseguintes gastos.

Achéganse fotocopias sen compulsa dos pagos efectuados pola afiliación á *Mutualidade de Previsión Social de Futbolistas* polo importe de 487.200 pesetas, así como notas de gastos correspondentes ós *arbitraxes* satisfeitos polo Club por importe total de 466.944 pesetas. Uns e outros -agás dunha nota de 9.886 pesetas correspondente ó exercicio 2000-, ó igual que as facturacións referidas en 3) por importe de 251.628 pesetas, servirían ó efecto de xustificación de tratarse de documentos orixinais ou copias compulsadas.

De acordo co anterior, unicamente se podería considerar xustificado o importe de 708.686 pesetas.

3) Escola e Club de Baloncesto Xuventude (1.600.000 e 125.000 pesetas, respectivamente):

Pese a non constar a remisión de documentación xustificativa no exercicio 2001, recoñécese incorrectamente a obriga no dito Orzamento.

Por toda xustificación remítese unha memoria de actividades que comprende unha declaración global dos gastos da Escola (1.108.000 pesetas), sen que se achegue unha soa factura acreditativa dos mesmos.

De acordo co expresado, non se xustifica cantidade ningunha polo beneficiario da axuda.

4) Asilo de Anciáns de Cambados (3.005,00 euros):

Pese a remitirse a documentación xustificativa o 20 de febreiro de 2003, contabilízase incorrectamente o recoñecemento da obriga o 31 de decembro de 2002.

Xúntanse dúas fotocopias sen compulsar de dúas facturas de electricidade domiciliadas en entidade de crédito polo importe total de 3.235,40 euros. Porén, non consta a presentación de orzamento de gastos, conta final nin memoria da actividade subvencionada.

5) Club e Escola de piragüismo (1.202,00 e 601,00 euros):

Ó carecer de rexistro de entrada, non se acredita a data de achega da xustificación polo beneficiario, polo que non queda garantida a correcta contabilización do recoñecemento da obriga con cargo ó Orzamento do exercicio 2002.

A xustificación presentada inclúe dúas fotocopias de facturas sen compulsar:

- Unha, de 1.950,00 euros, expedida ó Club pola impartición de cursos, adestramento e dirección das categorías do Club. Non se estima idónea, dado que a persoa do expedidor coincide coa do Presidente do Club e polo tanto, suxeito obrigado á rendición de contas.
- Unha factura de gastos de transporte por importe de 1.550,00 euros, sen que ó igual que a anterior se acredite o pago efectivo do gasto.

6) Sociedade Cultural e Deportiva de Cambados (1.202,00 euros):

A xustificación preséntase con anterioridade a finalización do exercicio 2002 (14 de novembro), porén, a obriga recoñécese incorrectamente o 12 de novembro de 2002.

Xúntanse documentos xustificativos polo dobre da cantidade concedida, todos eles consistentes en fotocopias sen compulsar:

- 601,00 euros corresponden a *recibís* subscritos polos monitores de actividades, sen que figure o NIF dos perceptores nin a documentación acreditativa do pago material dos servizos.
- 271,13 euros son facturacións correspondentes ó exercicio 2001.
- Non se acredita o pago de facturas expedidas polo importe total de 1.489,31 euros.

7) Xóvenes Afeccionados do Voleibol, Cambados (1.803,00 euros):

Ó carecer de rexistro de entrada, non se acredita a data de achega da xustificación polo beneficiario, polo que non queda garantida a correcta contabilización do recoñecemento da obriga con cargo ó Orzamento do exercicio 2002.

As facturas e xustificantes presentados documéntanse en fotocopias sen compulsar, inclúen:

- Gastos realizados no exercicio 2001 por 2.277,20 euros, que non resultan subvencionables ó abeiro do principio de anualidade orzamentaria.
- Gastos correspondentes ó exercicio 2002, por importe de 566,29 euros, consistentes en tickets, albarás e facturas con defectos formais (non consta data, provedor que a expide ou proba da vinculación coa actividade subvencionada) que impiden a súa consideración ós efectos de xustificación.
- Gastos imputables ó exercicio 2002, por importe de 758,97 euros, que de figurar debidamente compulsados servirían ós efectos de xustificación da actividade.

Incidencias detectadas nos expedientes núms. 8 ó 12 (expedientes iniciados á solicitude dos beneficiarios):

Verificouse na totalidade dos mesmos a falta de acreditación da personalidade xurídica dos beneficiarios, a inexistencia de declaración das axudas solicitadas e concedidas por outras institucións e a carencia de certificación de débeda coa facenda municipal.

Expedientes núms. 8) e 9):

Outórganse á *Asociación Banda de Música de Castrelo* (a diferenza do expediente núm. 1, no que se concede a axuda ós idénticos responsables, aínda que a título de Padroado), dúas axudas de idéntica contía (100.000 pesetas) para a realización de dous Festivais musicais. Pese a que o orzamento do *IV Festival de Corais* -696.000 pesetas- non alcanza ó 50% do orzamento do *X Festival de Bandas*- 1.520.000 pesetas, non existe graduación na cantidade da axuda concedida.

Non se acredita a data de achega da xustificación polo beneficiario, que carece de Rexistro de Entrada. Por isto, non se pode afirmar a correcta contabilización das obrigas con cargo ó Orzamento do exercicio 2001.

As xustificacións achegadas non inclúen a presentación de memorias da actividade, así como a documentación relativa á execución económica dos orzamentos inicialmente presentados. No primeiro suposto (IV Festival de Corais) axúntanse unha factura fotocopiada e sen compulsa que non cumpre os requisitos do RD 2402/1985, que se xira polo concepto de aperitivo, o que non se tiña incluído entre os recollidos no orzamento inicial. No segundo suposto figura outra fotocopia sen dilixenciar relativa ós gastos de publicidade. Non existe constancia no expediente do pago das facturacións presentadas.

10) Sociedade Nativos de Cambados (396.000 pesetas):

Sen que conste solicitude previa, motivación ou obxecto da axuda, a Comisión de Goberno (27 de xullo de 2001) concede unha subvención en especie consistente no pago de dous billetes de avión facilitados á sociedade de Cambados en Bos Aires.

Figura como xustificación a factura expedida ó Concello por unha Axencia de Viaxes, cuxo importe ascende ó total da axuda outorgada. De acordo co anterior, a actuación municipal poderíase encadrar nos supostos de liberalidade proscrios polo artigo 27.1 do vixente Regulamento de Servizos.

11) C.D. Salnés (1.803,00 euros):

Non se consigna contía na solicitude efectuada, que non se acompaña de acreditación da constitución do Club, orzamento e actuacións a desenvolver. O Concello require a copia dos Estatutos constitutivos e a autorización da Federación Galega de Fútbol sen que figure a súa achega no expediente.

Descoñécese a data de presentación dos xustificantes de gasto, que consistiron en dúas fotocopias de facturas xiradas pola adquisición de equipamento deportivo cuxo importe total ascendeu a 3.096,04 euros, non se xuntando así mesmo proba do seu pago.

12) Federación Galega de ciclismo (3.000,00 euros):

A axuda tramítase a través do Convenio subscrito o 8 de xullo de 2002 pola Alcaldía e a Federación Galega para o patrocinio do Campionato ciclista na modalidade de liña a realizar no Municipio o 11 de agosto de 2002. Non consta a avocación ou habilitación que autorice á Alcaldía para a subscrición deste Convenio, polo que actúa fóra da súa competencia, que neste caso e por vía de delegación reside na Comisión de Goberno.

Non figura no expediente memoria do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, orzamento das actuacións, memoria final ou rendición de conta xustificativa. Unicamente se achega unha estimación de gastos da Agrupación de Tráfico e tres facturas soportadas pola Federación, debidamente compulsadas pola Secretaría, cuxo importe ascende a 3.824,00 euros. Unha das mesmas, que ascende a 235,00 euros, corresponde á subministración de 15 trofeos que o Concello, de acordo coa cláusula 3ª do convenio, se obrigaba a proporcionar con carácter adicional á achega económica-municipal, polo que se incumpre a citada cláusula.

13) Axudas ó estudio para o curso 2002/2003

Obsérvanse as seguintes incidencias:

- Non existe unha orde que regule a concesión das referidas axudas nin se puido verificar, trala análise do expediente, a convocatoria pública das mesmas, incumpríndose así as prescricións do artigo 81.6 TRLXO.
- Non se aprobou un baremo que permita valorar obxectivamente qué axudas se deben conceder e, así mesmo, motivar á exclusión dos solicitantes non admitidos, o que supón un incumprimento do artigo 54 da LRXAP e PAC.
- Incúmprese a Base IX de execución do Orzamento que esixe ós perceptores de subvencións con cargo ó Orzamento, acreditar previamente estar ó corrente nas súas obrigas fiscais coa Corporación, mediante certificación do Interventor, na que se acreditará a inexistencia de débeda ningunha coa Corporación.

As deficiencias detectadas na documentación xustificativa dos expedientes fiscalizados poderían determinar a procedencia de incoar os oportunos expedientes de reintegro das cantidades indebidamente xustificadas.

5. CONCLUSIÓNS

5.1. XERAIS

1. A organización dos expedientes analizados, ágas dos que documentaban a realización de obras financiadas con subvencións de capital percibidas polo Concello, incumpre o disposto nos artigos 164 e 179 ROF, feito que condicionou a fiscalización ó se atopar desordenados e incompletos, carecendo en ocasións de documentación esencial para a verificación da súa correcta xustificación.
2. Pese ó requirimento efectuado (escrito do 31 de xaneiro de 2005) trala finalización das actuacións de campo, non se xuntou a totalidade da documentación solicitada por este órgano fiscalizador, que afectou á emisión de certificacións relativas a acordos dos órganos municipais, a achega de xustificantes bancarios e a unha pluralidade de expedientes relativos a procedementos de selección de persoal e contratación pública.
3. No exercicio 2001 os ingresos por tributos propios supoñían un 22% sobre o total, mentres que os correspondentes a transferencias recibidas, onde tamén se inclúe o PIE, que é un ingreso non finalista, supuxo un 50%. A dependencia das transferencias no exercicio 2002 supuxo o 47% do total. Neste ano as transferencias recibidas por habitante (288,47 euros) son sensiblemente superiores ós tributos propios (192,67 euros).

5.2 SUBVENCiónS CORRENTES RECIBIDAS

1. Existen diversos incumprimentos formais na presentación das solicitudes, como erros materiais ou a falta dalgún documento, sen que conste no expediente a subsanación dos mesmos.
2. A contratación do servizo de Gardería infantil Municipal, que non recolleu pormenorizadamente as obrigas das partes, encádrase incorrectamente na figura do contrato administrativo de servizos, cando a súa natureza esixira a licitación e posterior subscripción dun contrato de xestión de servizos públicos (artigos 155 e ss LCAP), sen que se constituíra pola contratista a garantía definitiva esixida por LCAP. Así mesmo, o Concello traslada de forma ilegal a xestión e recadación dun ingreso de natureza tributaria a un particular, sen que exista control ou fiscalización polos servizos municipais de Intervención. Estes feitos poderían determinar a esixencia das responsabilidades a que se refiren os artigos 140 e ss TRLXO. Pola outra parte, o superávit do Concello dado pola conta xustificativa podería determinar á procedencia de instruír o oportuno procedemento de reintegro.

3. En relación co Plan experimental de Emprego, procedeuse á contratación de 161 traballadores desempregados sen que exista constancia do número de candidatos remesados pola oficina de emprego, dos criterios empregados para a súa selección nin da realización da proba de selección algunha, podéndose afirmar a conculcación dos principios constitucionais de acceso ao emprego público.

4. Con respecto aos gastos xustificados do Centro de Información á Muller (CIM), non se especifican os criterios utilizados para a imputación proporcional á actividade de facturacións efectuadas con carácter global ao Concello. Nos casos en que as facturas se imputaron ao CIM na súa totalidade, non se puido verificar que se trate de gastos exclusivos do mesmo, por canto se xiraron á titularidade do Concello.

5. Non se achegaron os expedientes de selección correspondentes a 2002 da asistente social de apoio e o administrativo contratados para o Departamento de Servizos Sociais, alegando a imposibilidade de localizar os expedientes. Os gastos xustificados por estes conceptos non alcanzan os custos declarados na solicitude de concesión da axuda, o que poderían xerar continxencias en orde á redución da axuda, ao igual que noutras dúas liñas de axuda. Tampouco figuraba o procedemento de contratación das dúas profesionais asociadas en Comunidade de Bens que prestaban os servizos de axuda a domicilio, sen que exista constancia do axuste a Dereito desta contratación.

6. En relación coa axuda destinada ao mantemento dos servizos sociais de base, a carencia de xustificación dos gastos consistentes no financiamento do custo total dun curso (540,90 euros) e o pago irregular de axudas de custo (926,23 euros) á asistente social de apoio, podería dar lugar á tramitación de reintegro, sen prexuízo das responsabilidades procedentes a teor dos artigos 140 e ss TRLXO.

5.3. SUBVENCÍONS DE CAPITAL RECIBIDAS

1. No expediente relativo ao PAM 2001 prodúcese un fraccionamento do obxecto do contrato, incumprindo así o establecido no artigo 68 do TRLCAP. A pesar de que o Concello incorre en incumprimentos do establecido polas Bases de convocatoria, a Deputación ingresa, no ano 2003, a cantidade inicialmente concedida.

2. En relación coas axudas para a mellora de instalacións eléctricas, non consta, entre os documentos remitidos, a acreditación polo Concello de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, requirida

polo artigo 6 da Orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras destas axudas.

A pesar de que se esixe o envío de proxecto visado e facturas orixinais se remite proxecto sen visar e copia da factura (por importe de 30.000 euros), sen que se pódese verificar que o Concello dispón da orixinal.

3. Respecto ao POL 2002, os pregos de contratación non están dilixenciados o cal impide garantir que o seu contido coincide co aprobado en Comisión de Goberno.

4. Así mesmo, valórase que as empresas xunten o compromiso escrito para contratar persoal do INEM de Cambados. A Lei non recolle este suposto, podendo supor unha quebra do principio de igualdade esixido como requisito dos contratos no artigo 11 do TRLCAP.

5.4. SUBVENCIONS EN ESPECIE E CONVENIOS

1. Non se facilitou a certificación dos Acordos do Pleno, Comisión de Goberno e Resolucións da Alcaldía polas que se autorizou a realización de obras ou prestación de servizos no Municipio a outras Administracións, así como a certificación dos elementos de inmovilizado entregados ao Concello polas outras entidades públicas nos exercicios 2001 e 2002, o que limitou o alcance da fiscalización en relación coas subvencións en especie.

2. En relación cos convenios obxecto de fiscalización, non existe constancia do cumprimento por parte das distintas Administracións Públicas do principio de publicidade que permita a concorrencia en condicións de igualdade daquelas entidades que, atopándose na mesma situación, poidan resultar beneficiarias da dita cooperación, o que non garante a súa non discriminación. Estas esixencias derívanse da aplicación dos principios constitucionais de igualdade e solidariedade interterritorial.

3. Non consta a publicación oficial dos convenios formalizados entre as distintas Administracións Públicas e o Concello, o que supón o incumprimento do disposto no artigo 8 da LRXAP e PAC. Este feito, unido á ausencia de publicidade detectada na súa subscrición, provoca a opacidade no emprego da figura do convenio interadministrativo, privando á asignación dos recursos públicos da transparencia que lle resulta esixible.

En relación cos Convenios subscritos cos departamentos autonómicos de Cultura e Agricultura para a posta en marcha do Museo do Viño adjudicáronse sen que conste a tramitación de procedemento 14.890.290 pesetas a *Procarpin, SL* e *Proa Sur, SL*, verificándose que na persoa dos administradores solidarios da primeira sociedade concorre a condición de conselleiros da

segunda. As facturas xustificativas do investimento non contiñan o *desglose* do prezo unitario dos bens e servizos recibidos daqueles provedores.

4. Con respecto ao Convenio para a rehabilitación do edificio de usos múltiples, non se puido verificar que a modificación do contrato aprobada en 2003 se axuste aos requisitos esixidos polo TRLCAP.

5.5. SUBVENCÍONS OUTORGADAS

Nos exercicios 2001 e 2002 o Concello outorgou a totalidade das subvencións a través dos seguintes procedementos:

1. Mediante a súa consignación nominativa no Orzamento municipal. Se ben o artigo 81.6,b),2 TRLXO exceptúa o cumprimento do principio de publicidade cando se trata de subvencións nominativas, isto non exclúe da obriga de motivar a súa concesión, xustificando o interese xeral dentro da competencia local, así como o carácter finalista da actividade, gasto ou proxecto que se subvenciona (artigo 294.3 LALG). O Concello consignou nominativamente o 71% e o 73%, respectivamente, do importe total das subvencións outorgadas nos exercicios 2001 e 2002 sen que se motivase a súa concesión nin a contía concreta asignada, polo que se está afectando ó principio constitucional de equidade na asignación do gasto público (artigo 31.2 CE).

2. A consecuencia de solicitude de interesado, sen que en ningún caso esta se suxeitase á tramitación previa de convocatoria pública por parte do Concello, polo que se incumpren os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade preceptuados polo artigo 81.6 TRLXO.

A regulación municipal das subvencións concedidas recollese, con carácter exclusivo, na Base de execución IX de Gastos do Orzamento vixente para os exercicios 2001 e 2002. Non se procedeu, en ningún caso, á aprobación de Bases específicas reguladoras dos diferentes tipos de axudas concedidas pola Corporación. A regulación adoece das seguintes carencias:

– Non se esixe ós beneficiarios a comunicación doutras subvencións e axudas obtidas para a mesma finalidade (artigo 81.4 TRLXO). Desta forma, non se garante en ningún caso que as axudas concedidas, en concorrencia coas que os beneficiarios puideran obter doutros entes públicos ou privados non superen o custo da actividade subvencionada, dificultando, cando non impedindo, a detección polo ente concedente dos supostos de reintegro derivados dos excesos de financiamento das actividades que son obxecto de promoción pública.

– Non se prevé o réxime de garantías que, no seu caso e para unha maior seguridade no manexo dos caudais públicos, formalizarían os beneficiarios (artigo 81.6,a),4 TRLXO).

- Non se establece un réxime de xustificación adecuado para as axudas ó sostemento das entidades sen ánimo de lucro. Ademais de xustificar mediante facturas, como mínimo, o importe concedido, deberíase proceder á esixencia de memorias xustificativas das actividades desenvolvidas, así como do envío das contas aprobadas polo órgano competente da entidade, quedando os xustificantes á disposición da Intervención municipal, ós efectos, no seu caso, da súa oportuna fiscalización.
- Non se establecen os criterios de valoración para a concesión das axudas, que se deberían acompañar da ponderación da súa importancia relativa, así como do procedemento para a súa valoración e xustificación ó efecto de dar cumprimento ó principio de obxectividade.
- Se ben o artigo 236 ROF condiciona a percepción de subvencións polas asociacións veciñais á súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, non se verificou a súa existencia nos exercicios 2001 e 2002. Por outra parte, as Bases analizadas non esixían a acreditación da inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións dependente da Consellería de Xustiza, no que, con independencia do Rexistro anterior, deberían figurar necesariamente todas aquelas.

Nos expedientes fiscalizados producíronse as seguintes incidencias:

- Non se acreditou a inexistencia de débedas coa facenda municipal, infrinxíndose o artigo 170 LRFL e a propia Base IX de Gastos.
- O recoñecemento da obriga ten como único soporte o acordo de concesión da axuda, polo que se contabiliza a fase orzamentaria “O” en contravención da regra do servizo feito, isto é, con anterioridade a que o Concello preste conformidade á xustificación rendida polos beneficiarios.
- As facturas que obran nos expedientes de xustificación das axudas se documentan en fotocopias sen compulsar, o que non garante a súa veracidade. Non se achega a xustificación do pago das mesmas, o que puidera non acreditar con carácter suficiente o investimento das axudas nas finalidades para as que foron outorgadas.
- Aínda atopándose legalmente constituído nos exercicios fiscalizados, non se exerceu control ou fiscalización por parte da Intervención municipal sobre o OO.AA. *Padroado Banda de Música do Castrelo*, producíndose confusión entre as contas do mesmo, de titularidade municipal, e as da Asociación sen ánimo de lucro de idéntica denominación. Pese a efectuar un requirimento formal da documentación xustificativa da situación e os movementos das contas de que era titular o Padroado e que se debían integrar no patrimonio municipal á súa disolución (2003), non se facilitou información ó respecto. Estes feitos, de ter producido menoscabo nos

caudais de titularidade pública, poderían dar lugar á esixencia das responsabilidades procedentes, previa a tramitación ó efecto do oportuno expediente.

– Sen que conste solicitude previa, motivación ou obxecto da axuda, a Comisión de Goberno (27 de xullo 2001) concede unha subvención en especie consistente no pago de dous billetes de avión *facilitados á sociedade de Cambados en Bos Aires*, podéndose encadrar a actuación municipal nos supostos de liberalidade proscritos polo artigo 27.1 do vixente Regulamento de Servizos.

– Pese ó anteriormente exposto, non consta a emisión de informes da Intervención municipal en relación coa concesión e xustificación das axudas, certificándose a inexistencia de reparos nos exercicios 2001 e 2002.

– As deficiencias detectadas na documentación xustificativa dos expedientes fiscalizados poderían determinar a procedencia de incoar os oportunos expedientes de reintegro das cantidades indebidamente xustificadas.

6. RECOMENDACIÓNS

En función das incidencias detectadas na fiscalización, o Concello deberá ter en conta as seguintes recomendacións:

1. Manter os expedientes de subvencións e contratación administrativa nos termos do ROF, incluíndo a documentación íntegra vinculada a aquelas.
2. Presentar as solicitudes de axuda coa totalidade da documentación esixida polas distintas resolucións de convocatoria, do que deberá quedar constancia documental. Achegar toda a documentación xustificativa necesaria para o cobro das subvencións evitando o posible reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 89.1,a) do TRLXO.
3. Solicitar e xustificar as subvencións axustándose ás prescricións contidas nas ordes reguladoras das respectivas convocatorias.
4. Axustar os procedementos de selección do persoal ós principios constitucionais de publicidade, concorrencia e obxectividade, custodiando na forma debida a documentación obrante nos expedientes.
5. Respetar as prescricións do TRLCAP en canto a tramitación dos procedementos de contratación así como ó contido dos pregos de contratación.
6. Evitar fraccionar os contratos con obxecto de diminuír a contía dos mesmos e eludir así os requisitos de publicidade, o procedemento ou forma de adxudicación que corresponda.
7. Realizar as modificacións contractuais, cando estas se deban ás necesidades novas ou causas imprevistas, observando o establecido nos artigos 42, 54, 67.2 e 101 do TRLCAP.
8. Aprobar as bases específicas reguladoras dos diferentes tipos de subvencións outorgadas pola Corporación, establecendo de forma explícita a ponderación dos criterios para a adxudicación das mesmas, así como os procedementos para a súa valoración e xustificación, imposibilitando a presenza de arbitrariedades na concesión das mesmas. Estas bases deberán esixir, en todo caso, a acreditación da inexistencia de débedas coa facenda municipal e a declaración das axudas recibidas, concedidas e solicitadas para a mesma ou diferente actividade subvencionada. Nos acordos de concesión de subvencións, que se efectuarán con respecto ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, subliñar de forma expresa as actividades concretas ou xerais que son obxecto de axuda, motivando as razóns do seu outorgamento e da contía das mesmas así como o réxime para a xustificación das cantidades investidas.

9. O Concello deberá xustificar a excepcionalidade das subvencións nominativas incluídas no orzamento, motivando debidamente as razóns da súa concesión e xustificando o interese xeral dentro da competencia local. Deberase proceder a creación do Rexistro Municipal de Asociacións.

10. Nas subvencións outorgadas para os gastos de funcionamento das asociacións sen ánimo de lucro deberase esixir a remisión de memorias xustificativas das actividades desenvolvidas, a xustificación mediante facturas, como mínimo, do importe concedido e así mesmo, o envío das contas da entidade, aprobadas polo órgano competente, coa indicación de que os xustificantes se encontran á disposición da entidade local para o seu control e fiscalización.

11. Reforzar o control interno municipal, a teor das debilidades que se puxeron de manifesto nas actuacións de fiscalización, efectuando, no seu caso, as notas de reparo á que se refire o artigo 197 da LRFL.

12. As xustificacións deberanse sustentar nas facturas e demais documentos que permitan acreditar o pago das mesmas así como a súa indubidable relación co proxecto ou a actividade subvencionada, fundamentando os criterios da súa imputación proporcional.

13. Deberá esixir o reintegro e os xuros de demora, ou no seu caso, a xustificación das cantidades libradas e insuficientemente xustificadas de acordo co contido deste Informe.

14. As recomendacións efectuadas refírense á lexislación vixente nos exercicios fiscalizados. Na actualidade resulta de aplicación a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a cuxo teor se deberán ter en conta.

ANEXOS

ANEXO I

Os estados de gastos e ingresos da liquidación do orzamento do exercicio 2002 presentan as magnitudes que a continuación se detallan:

Estado de gastos

Capítulo	Créditos iniciais	Modifica- cións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execución %	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O. R. %
1. Gastos persoal	2.646.381	117.237,11	2.763.618,11	2.515.142,52	91,00	2.500.086,99	2.500.086,99	100
2. Gastos bens y servizos	2.913.996	142.971,22	3.056.967,92	2.550.126,72	83,40	1.583.071,11	1.583.071,11	100
3. Gastos financeiros	92.250	0,00	92.250	77.687,13	84,20	77.687,13	77.687,13	100
4. Transferencias correntes	178.133	0,00	178.133	122.560,01	68,80	3.450,56	3.450,56	100
6. Inversións reais	4.811.179	1.354.142,52	6.165.321,52	2.023.924,43	32,80	1.544.238,49	1.544.238,49	100
7. Transferencias de capital	205.703	0,00	205.703	129.515,61	63,00	129.515,61	129.515,61	100
8. Activos financeiros	12.000	0,00	12.000	5.656,8	47,14	5.656,80	5.656,80	100
9. Pasivos financeiros	250.295	0,00	250.295	249.695,90	99,70	249.695,90	249.695,90	100
TOTAL	11.109.937	1.614.351,55	12.742.288,55	7.674.309,12		6.093.402,59	6.093.402,59	

Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inicial	Modifica- cións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao execución	Recadación	Grao recadación	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	1.468.186	0	1.468.186	1.398.056,42	95,00	1.200.360,76	85,80	195.695,66
2. Impostos indirectos	270.455	0	270.455	239.682,81	88,60	239.682,81	100,00	0,00
3. Taxas e outros ingresos	1.061.787	0	1.061.787	960.408,88	90,40	705.617,01	73,40	254.791,87
4. Transferencias correntes	3.161.850	0	3.161.850	2.711.086,45	85,70	2.411.224,93	89,00	299.861,52
5. Ingresos patrimoniais	6.050	0	6.050	7.894,22	130,40	7.894,22	100,00	0,00
6. Alleamento invest. reais	2.852.307	0	2.852.307	604.298,98	21,20	337.654,24	55,80	266.644,72
7. Transferencias de capital	1.075.278	0	1.075.278	1.165.385,31	108,00	690.249,97	59,20	545.090,34
8. Activos financeiros	12.000	0	12.000	5.356,80	44,60	3.220,64	60,12	2.316,16
9. Pasivos financeiros	1.202.024	0	1.202.024	1.202.024	100,00	1.202.024	100,00	0,00
TOTAL	11.109.937	0	11.109.937	8.285.193,87		6.797.928,58		1.564.400,27

ANEXO II: TRANSFERENCIAS Y SUBVENCIONES

Subvenciones Corrientes

Órgano concedente	Descripción	Importe ejercicio 2001 (ptas)	Importe ejercicio 2002 (euros)
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Cantería	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Viverismo	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Albanelería	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Electricidade	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Carpintería	4.500.000	
Consellería de Familia	Plan experimental de emprego	182.507.912	
Consellería de Familia	Técnico local de emprego	2.150.554	
Consellería Política Territorial	Anualidade 2001 PEPCHA	630.000	
SERGAS	Convenio Centro de Saúde	1.727.700	9.518,41
Inst.Galego Vivenda e Chan	PIR infravivenda	1.445.518	
Consellería de Educación	Escola de Música	806.280	3.829,44
Consellería de Cultura	Convenio Albariño	3.0150.000	21.035,00
Inst.Galego de Consumo	OMIC	279.111	4.207,08
Consellería de Xustiza	Auxiliar de Policía	1.984.110	12.621,25
Consellería de Familia	Orientadora Laboral (resto subv. 2000)	978.500	
Consellería de Familia	Actividades de Información Xuvenil	350.000	
Consellería de Xustiza	Mobiliario de oficinas	500.000	4.808,00
Consellería de Educación	Alfabetización	1.000.000	3.800,00
Consellería de Familia	Orientación laboral	1.087.674	7.561,17
Cons. Medio Ambiente	Incendios (vehículo)	1.650.000	9.918,00
Cons. Medio Ambiente	Cuadrilla de incendios	7.550.000	22.838,00
Consellería de Familia	Informadora Xuvenil	700.000	4.200,00
Consellería de Cultura	Equipos de comunicación	400.000	
Consellería de Familia	Actividades xuvenís	100.000	1.650,00
Consellería de Familia	Educadora Familiar	1.600.000	10.116,52
Secretaría Xeral de Deporte	Escolas deportivas	250.000	905,00
Inst.Galego Vivenda e Solo	infravivenda	1.059.043	8.582,44
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Viverismo	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Carpintería	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Electricidade	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Cantería	4.500.000	
Consellería de Familia	Empresa de Economía Social Albanelería	4.500.000	
Consellería de Xustiza	Reparación Casa de Cultura	1.500.000	
Consellería de Familia	mantemento espazos culturais	4.296.360	
Consellería de Familia	Acondicionamento rutas senderismo	4.274.580	8.557,34
Consellería de Familia	Puntos limpos	2.082.840	
Consellería de Familia	Instalacións Urbanas	3.544.380	
Consellería de Familia	Servizo atención cotiá	1.707.006	5.035,69
Consellería de Familia	Talleres ocupacionais	602.262	
Consellería de Familia	Servizo cultural e deporte	1.058.400	
Cons. Medio Ambiente	GLPA	2.100.000	
Consellería de Familia	Servizo Galego de Colocación	906.000	
Consellería de Familia	Curso FIP Deseño Gráfico	1.422.563	13.591,51
Consellería de Xustiza	Xornadas de cooperativismo	300.000	1.803,20
Consellería de Xustiza	Auxiliares de Policía Local	274.621	
Consellería Política Territorial	Anualidade 2001 PXOM	3.770.522	
Consellería de Xustiza	Normalizadora lingüística	650.000	4.808,10
Consellería de Sanidade	Actividades Terceira Idade	1.169.000	
Consellería de Familia	Orientación laboral	559.143	
Consellería de Familia	Servizo Galego de Colocación	370.500	
Consellería de Familia	Promoción Conxunto Histórico	2.484.111	
Consellería de Sanidade	Servizos Sociais	8.106.668	40.431,23
Consellería de Familia	Garderia	9.102.033	38.592,11
Consellería de Sanidade	Axuda a domicilio	150.000	
Consellería de Familia	Curso de Deseño	904.026	
Servizo Galego de Igualdade	Información a la muller. CIM	2.447.580	28.257,00
Villafranca do Penedés	Subvención proxecto MIPEVIN	1.141.520	2.286,89
Caixanova	Subvención Museo do Vino	3.720.000	
Consellería de Familia	Escola Obradoiro	36.771.900	537.118,23
Deputación Provincial	Becas de Turismo	500.000	
Deputación Provincial	Folletos turísticos	575.000	
Deputación Provincial	Recuperación de lavadoiros	456.000	
CPAM	Curso cestería	156.000	
CPAM	Curso cerámica	100.000	
CPAM	Xornadas de cine	324.000	
Deputación Provincial	Incendios	1.380.000	6.224,00
Deputación Provincial	Salnexpo	1.000.000	6.010,00
Deputación Provincial	Actividades de Competición	385.000	
Deputación Provincial	Libros de texto	250.000	1.554,67
Deputación Provincial	Festa do Albariño	1.200.000	
Deputación Provincial	Subvencions parques	600.000	
Consellería Política Territorial	PXOM anualidade 2002		16.768,93
Consellería de Industria	Festa do Albariño		2.404,00
Inst. Galego Vivenda e Chan	Oficina Area Rehabilitación Integral		60.102,00
Consellería de Familia	Serv. Galego de Colocación (xaneiro-xuño)		4.835,48

Informe de Fiscalización do Concello de Cambados. Exercicios 2001/2002

Órgano concedente	Descrición	Importe exercicio 2001 (ptas)	Importe exercicio 2002 (euros)
Consellería de Familia	Adecantamento parques		8.557,34
Consellería de Familia	Mantemento espazos ambientais		8.557,34
Consellería de Cultura	Emisora		3.005,06
Serv. Galego de Igualdade	Actividades mulleres		3.500,00
Consellería de Cultura	Convenio actividades culturais		18.000,00
Consellería de Familia	Xogos do Viño		6.000,00
Consellería de Xustiza	Revista "A Calzada"		4.808,10
Consellería Asuntos Sociais	Programa Terceira Idade		5.025,83
Consellería Asuntos Sociais	Barreiras Arquitectónicas		3.377,99
Consellería de Agricultura	Convenio Albariño		18.000,00
Consellería de Familia	Empresa Economía Social P. Andrade		15.000,00
Consellería de Familia	Empresa Economía Social R. Bugallo		15.000,00
Consellería de Familia	Orientación laboral		12.705,64
Consellería de Familia	Servizo Galego de Colocación (xullo-novembro)		90,00
Consellería de Xustiza	Auxiliares de Policía Local		4.000,00
SERGAS	Convenio Centro de Saúde		18.473,28
CPAM	Xogos Europeos do Viño		2.404,00
Deputación	Áreas recreativas		3.005,06
CPAM	Taller maquetería		366,00
CPAM	Obradoiros		1.200,00
CPAM	Xornadas de Medio Ambiente		360,00
CPAM	Pintura		360,00
CPAM	Cine na rúa		1.200,00
CPAM	Actividades competición		1.157,00
CPAM	Actividades promoción		1.157,00
Deputación	Subvención Festa Albariño		6.010,00
Padroado Turismo	Material turístico		5.000,00
Padroado Turismo	Becas de Turismo		3.005,08
Deputación	Servizos básicos payas		3.005,00
Deputación	Parques e xardíns		3.967,00
Comunidade Europea	Subvencións hermanamentos		2.421,54
Caixa Galicia	Subvención proxector de cine		7.200,00
TOTAL		359.112.717	1.103.072,48

ANEXO III: SUBVENCIONS DE CAPITAL

Órgano concedente	Descrición	Importe exercicio 2001 (ptas.)	Importe exercicio 2002 (euros)
Ministerio de Fomento	Resto Convenio Casa Ricoy	25.000.000	
MAP	Pavimentación calle Rodas	5.869.250	
MAP	Rede de sumidoiros en A Grenla	5.460.062	
Consellería de Sanidade	Anualidade 2001 "A Merced"	16.000.000	
Consellería de Familia	Edificio "A Merced"	40.000.000	
Consellería de Cultura	Anualidade 2001 "A Xuventude"	10.000.000	60.101,21
Consellería de Xustiza	Pavimentación calle de la Leña	4.000.000	
Consellería de Xustiza	Lousado calle San Francisco	2.000.000	
Consellería de Agricultura	Convenio Museo del Vino	3.000.000	
	FCL/Resto Rede de sumidoiro rúa urros Enriquez	360	
Consellería de Industria	Mobiliario Urbano anual 2001	3.000.000	
Consellería de Familia	Subvención Gardería Anualidade 2001	8.000.000	
Consellería de Sanidade	Eliminación barreiras arquitectónicas	1.358.578	
Consellería de Cultura	Convenio Museo del Vino	3.000.000	
	FCL	12.474.411	146.720,43
Excma. Deputación	Pavimentación calle Rodas	4.401.939	
Excma. Deputación	POL/ Acondicionamento zona industrial 1ª fase	18.258.821	
Excma. Deputación	Rede de sumidoiros sumidoiro en Xesteira 1ª fase	2.500.000	
Excma. Deputación	Vestuarios pista atletismo	2.400.000	
Excma. Deputación	POL/ Acondicionamento terreos A Grenla 1ª fase	880.506	
Excma. Deputación	Rede de sumidoiros en A Grenla PPC 2000	4.095.046	
Consellería de Familia	Convenio Gardería		180.303,63
Consellería de Familia	Anualidade 2002. Mobiliario urbano		12.020,24
Xunta	Cuberta del Mercado		3.465,71
	Pavimentación calle Novidades		15.000,00
Consellería de Industria	Sinalización Centro Comercial Urbano		9.034,28
Consellería de Xustiza	Reforma antigos xulgados		90.152,00
Consellería de Industria	Aforro enerxético		12.020,24
Consellería de Industria	Iluminado público varios lugares		10.344,83
Excma. Deputación	Pista Atletismo O Pombal		12.020,24
Excma. Deputación	PAM/2001 Beirarrúas		96.762,95
Excma. Deputación	Rede de sumidoiros Outeiros		15.025,00
Excma. Deputación	Rede de sumidoiros Sete Pias. POL/2002		77.903,99
Excma. Deputación	Iluminado de la Avda. de Galicia		26.456,44
Hermans Padín García	Compensación parcela polígono		145.322,09
TOTAL		171.698.973	912.653,28

ANEXO IV: SUBVENCIONS CONCEDIDAS

Nos seguintes cadros reflíctense subvencións outorgadas polo Concello exercicios 2001 e 2000:

SUBVENCIONS CONCEDIDAS POR ACORDO COMISION DE GOBERNO		
Beneficiario	Importe concedido exercicio 2001 (ptas)	Importe concedido exercicio 2002 (euros)
Compañía Teatro Caracol	50.000	
Club X.A.V. Cambados de Voleibol	100.000	
Asociación Cultural Banda de Música Castrelo	100.000	
Becas Axudas a veciños 2000-2001	750.000	6.815,59
Part. Concello XX Premio N. Branco Amor	60.000	
Asociación Cultural Coral Polifónica Sta. Mariña	50.000	300,50
A.P.A. "A Pastora"	50.000	
A.P.A. "Os Caeiros"	50.000	
Federación Local de A.P. As "Sementeira"	50.000	
Asociación Pensionistas e Xub.C.C. Castrelo	50.000	300,50
Asociación Cultural "A Roca" de Castrelo	50.000	300,50
Asociación Mulleres Rurais "As Saiñas" Castrelo	50.000	
Asociación Cultural Coral Polifónica de Cambados	50.000	
A.P.A. "Colexio Salesiano"	50.000	300,51
Sociedade Cultural e Deportiva Cambados/Expos.	50.000	
Asilo de Anciáns de Cambados	25.000	
Axudas veciños bolsas 2000/2001	300.000	
Bolsas 2000/2001	30.000	
Bolsas Servizos Sociais	375.000	2.308,00
A.P.A."Santa Mariña Dozo"	50.000	300,51
Club Mariño Salnés	50.000	
Club Mariño Salnés/"II Regata do Albariño"	50.000	
Confraría Pescadores "San Antonio"	48.776	
Asociación Cultural Corvillón/Interc. Culturais	50.000	600,00
Sociedade Nativos de Cambados	396.000	
Asociación Veciños "San Vicente" de Oubiña	50.000	300,50
Asociación Colombófila Pombas do Salnés	50.000	
Sociedade Cultural e Deportiva Cambados	200.000	
Asociación Cultural Banda de Música de Castrelo/Festival de Bandas	100.000	
A.P.A. "O Estanque" Colexio Corvillón	50.000	300,50
A.P.A. Colexio "Enrique Barreiro" de Vilarío	50.000	
A.P.A. Colexio Salesiano/Xornadas sobre educación	50.000	
Asociación Cultural de Corvillón	50.000	300,50
A.P.A. Instituto Ramón Cabanillas	50.000	300,50
Axudas Libros Servizos Sociais	125.000	
Asociación Banda de Música de Castrelo/VI Festival		601,01
Coral Polifónica de Sta. Mariña		300,50
CEIP Castrelo Libro Fotografías		300,51
Asociación Mulleres Rurais "A Seca" de Corbillón		120,00
O. Costa Bea Vídeos sobre Animais		300,50
Asociación Cultural "As Rans" de Vilarío		300,50
Club Cambados, gastos fase de acceso		1.200,00
C.D. Salnés		1.803,04
AGASFRA Achea		30,00
Asociación "Esperanza Salnés"		601,00
Asociación contra o Cancro		6.001,00
CARITAS		601,00
Centro da Terceira Idade "A Pastora"		1.803,00
TOTAL	3.709.776	26.390,17

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POR EL PLENO		
Beneficiario	Importe concedido ejercicio 2001	Importe concedido ejercicio 2002
Padroado Banda de Música Castrelo	750.000	
Club de Fútbol Xuventude	2.000.000	12.020,00
Escola de Fútbol Xuventude	125.000	751,00
Club Baloncesto Xuventude	1.600.000	
Escola Baloncesto Xuventude	125.000	
Club de Xadrez Albariño	150.000	902,00
Escola de Xadrez Albariño	100.000	601,00
Club Tenis de Mesa	200.000	
Escola Tenis de Mesa	100.000	
Club ciclista Cambades	400.000	1.803,00
Escola ciclista Cambades	100.000	
Club de Piragüismo	200.000	1.202,00
Escola de Piragüismo	100.000	601,00
Escola e Club Mozos Amigos do Voleibol	300.000	
Club Voleibol Feminino	200.000	
Club de Fútbol Beiramar de Castrelo	300.000	1.803,00
Club Fútbol sala feminino	200.000	1.202,00
Sociedade Cultural		1.202,00
Padroado Banda de Música de Castrelo		4.578,92
X.A.V. Escola e Club		1.803,00
Club Voleisank feminino		1.202,00
Federación Galega de Ciclismo. Convenio		3.000,00
Centro da Terceira Idade "A Pastora"		1.803,00
Asilo		3.005,00
TOTAL	6.950.000	37.478,98

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POR RESOLUCIÓN DE LA ALCALDÍA		
Beneficiario	Importe concedido ejercicio 2001	Importe concedido ejercicio 2002
Asociación "Axúdame a camiñar"		30,05
TOTAL		30,05

